



iSSGA

INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

**SINISTRALIDADE LABORAL EN
TRABALLADORES DE 55 E MÁIS ANOS
2012-2016**

INFORME

XUNTA DE GALICIA

**SINISTRALIDADE LABORAL EN
TRABALLADORES DE 55 E MÁIS ANOS**

2012-2016

INFORME

Autor: **Manuel Armada Oya**

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - ISSGA

Decembro 2018

Introducción	5
---------------------	----------

Metodoloxía	6
--------------------	----------

Resultados

■ Idade	7
■ Incidencia	17
■ Gravidade	22
■ Sectores	34
■ Provincias	38
■ Forma	40
■ Lesión	46
■ Parte do corpo	52
■ Hora do día-hora de traballo	59
■ Antigüidade no posto	60
■ Categoría profesional	64
■ Situación profesional	69
■ Actividades económicas	74
_ CNAE (a 3 díxitos)	74
_ CNAE (por seccións)	82
■ Tráfico	88

Conclusións	92
--------------------	-----------

Anexos	106
---------------	------------

Introdución

O [Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia](#) (ISSGA) é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Economía, Emprego e Industria. De acordo co establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, configúrase como un órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo.

Consonte á súa normativa reguladora, o Instituto desenvolve a súa actuación mediante un plan anual de actividades, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos fins e desenvolver as funcións que lle son propias, no marco da estratexia que nesta materia adoptan os poderes públicos de Galicia.

Un dos eixos nos que se agrupan as actividades a desenvolver polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral durante o ano 2017, e que vertebran os Plan de actividades, é o [Observatorio Galego de Condición de Traballo](#).

O Observatorio Galego de Condicións de Traballo configúrase como un espazo de xestión da información e análise das condicións de traballo en Galicia e os seus efectos sobre a seguridade e saúde laboral na poboación traballadora. Nel se recollen e analizan os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, de xeito que apoie a toma de decisións en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo, tanto no eido técnico-científico como no social, para orientar as políticas públicas nesta materia.

Unha das fichas do devandito Observatorio é a Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre os accidentes de traballo na cal a realización dun Estudo estatístico da sinistralidade laboral nas persoas traballadoras de máis de 55 anos é unha das actuacións.

Neste estudo, mediante a análise dun conxunto de variables seleccionadas, coas cales se desagregan os datos dos accidentes laborais notificados, búscanse as posibles diferenzas da sinistralidade do persoal traballador dependendo da súa idade e especificamente naqueles de 55 anos e maiores.

Metodoloxía

Para a realización do estudo utilízanse dous conxuntos de datos diferentes. Por unha banda realizouse unha extracción dos accidentes laborais (non das recaídas) notificados ata a data da mesma con data de baixa entre o 1 de xaneiro do 2012 e o 31 de decembro do 2016 co cal se abarca un período de tempo de cinco anos que se considera suficiente para sacar conclusións válidas. A extracción realizouse cunha distancia o bastante grande (1 ano) para evitar as distorsións producidas pola variabilidade dos datos inherente a un sistema dinámico como é a tramitación dos partes de accidente de traballo no [Sistema Delt@](#) e a problemática que se orixina no recoñecemento dos accidentes laborais.

Doutra banda utilízanse datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social do número de traballadores afiliados á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas obtidos grazas á Subdirección Xeral de Estatística da Dirección Xeral de Estatística e Análise Sociolaboral do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Para a análise dos datos dos partes de accidentes de traballo utilizáronse un conxunto de variables. A principal é a **idade** que xunto co **sexo** e a **gravidade** (leves, graves, mortais) son transversais ás outras variables do estudo e que se agrupa tanto nos rangos habituais dentro das estatísticas laborais: menos de 16 anos, de 16 a 19, de 20 a 24, de 25 a 34, de 35 a 44, de 45 a 54, de 55 a 64, de 65 e maiores.

As outras variables son: **Sectores** (agricultura, pesca, industria, construción, servizos), Provincias (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra), **Forma** (utilízase a variable "forma ou contacto que provoca a lesión" agrupada en 9 grupos), **Lesión** (a variable describe o tipo ou natureza da lesión agrupada en 14 grupos), **Parte do corpo** (utilízanse 13 valores ou grupos para todas as partes do corpo), **Hora do día-Hora de traballo** (utilízanse ambas as variables en dúas táboas segundo o grupo de idade, cada variable cobre o rango de horas posible de forma distinta), **Antigüidade** no posto de traballo (menos de 3 meses, de 3 meses a 6 meses, de 6 meses a 1 ano, de 1 ano a 3 anos, máis de 3 anos, sendo a parte non incluída en cada rango o límite da dereita), **Categoría profesional** (utilízanse os 9 grupos principais do Código Nacional de Ocupacións CNO-2011), **Situación profesional** (son catro as situacións consideradas: asalariados do sector privado, asalariados do sector público, traballadores autónomos con asalariados e traballadores autónomos sen asalariados), **Actividades económicas** (a análise segundo esta variable na que está codificada a actividade da empresa segundo o CNAE-2009 realízase segundo dúas formas distintas: segundo o código a 3 díxitos e segundo as seccións do CNAE-2009), **Tráfico** (analízanse os accidentes de tráfico segundo a idade e se o accidentes produciuse en xornada laboral ou in itinere).

Resultados

A primeira variable que encabeza o capítulo de resultados é a idade. Aínda que este sexa un estudo enfocado no persoal traballador máis veterano, sérvenos para poñer en contexto dentro do conxunto.

Aínda que non mostren resultados de sinistralidade laboral, as catro primeiras gráficas mostran as porcentaxes de cotizantes á seguridade social que teñen as continxencias profesionais cubertas, polo que un accidente traballando, legalmente pódese considerar accidente de traballo.

Idade


Como se indicou anteriormente, as tres primeiras gráficas mostran a evolución da afiliación do persoal traballador coas continxencias profesionais cubertas entre os anos 2012 e 2016. A primeira gráfica corresponde aos traballadores, a segunda ás traballadoras e a terceira ao total de ambos.

Respecto dos homes, todos os grupos de idade entre os 40 e os 64 anos experimentan aumentos da súa porcentaxe do total entre os anos 2012 e 2016, diminuíndo no resto dos grupos. O maior descenso na porcentaxe é o dos traballadores entre 30 e 34 anos do 14,66% a 12,00%, seguido do grupo entre 25 e 29 anos, do 9,61% ao 8,45%. A variación na porcentaxe do total no grupo de idade de 35 a 39 anos foi do 16,23% no 2012 ao 16,10% no 2016. Os maiores aumentos danse nos grupos de 40 a 44 anos, do 14,88% ao 16,12%, 45 a 49 anos, do 13,24% ao 14,41% e de 55 a 59 anos, do 8,71% ao 9,81%.

Gráf. 01: Porcentaxes segundo a idade dos traballadores do sexo masculino entre os anos 2012 e 2016.

Con respecto ás mulleres, todos os grupos de idade de traballadoras maiores de 40 anos experimentan un incremento da súa porcentaxe do total entre os anos 2012 e 2016: as de 40 a 44 anos, do 14,42% ao 15,85%, de 45 a 49 anos, do 12,83% ao 14,24%, de 50 a 54, do 11,16% ao 12,43%, de 55 a 59 anos, do 8,14% ao 9,96% e de

60 a 64 anos, do 5,17% ao 6,32%. As maiores diminucións danse nos grupos de idade de 30 a 34 anos, do 15,57% ao 12,06% e de 25 a 29 anos, do 10,94 ao 8,70%.



Gráf. 02: Porcentaxes segundo a idade das traballadoras do sexo feminino entre os anos 2012 e 2016.

As variacións máis significativas das cotizacións das continxencias profesionais do total de homes e mulleres son as que se indican a continuación. Diminucións: de 30 a 34 anos, do 15,10% ao 12,03% e de 25 a 29 anos, do 10,25% ao 8,58%. Incrementos: de 40 a 44 anos, do 14,66% ao 15,99%, de 45 a 49 anos, do 13,04% ao 14,33% e de 55 a 59 anos, do 8,44% ao 9,89%.

Gráf. 03: Porcentaxes segundo a idade do persoal traballador entre os anos 2012 e 2016.

A imaxe seguinte mostra a porcentaxe media de afiliacións totais segundo sexo entre os anos 2012 e 2016. As porcentaxes de homes e mulleres son moi parellas en todos os grupos de idade, estando a maior diferenza no grupo de 40 a 44 anos, 7,82% nos homes e 7,48% nas mulleres.

Graf. 04: Porcentaxes medias de cotizantes entre os anos 2012 e 2016 de homes e mulleres.

As tres táboas seguintes detallan o número de accidentes en xornada laboral nos distintos grupos de idade entre os anos 2012 e 2016.

Na seguinte táboa destácase en cor gris, a diferente evolución dos accidentes segundo a idade dos traballadores, os máis novos contabilizan dende o 2013 menos accidentes (grupos de menos de 35 anos) e os 45 e maiores máis. Como se indicou anteriormente, a evolución do tamaño dos grupos de idade foi distinta nestes anos, entre os 25 e 34 anos é fácil comprobar a diminución dos cotizantes polo que máis adiante mostraranse os datos da incidencia dos accidentes.

Homes	Ano de baixa				
	2012	2013	2014	2015	2016
Menor de 16 anos	1	2	0	1	0
De 16 a 19 anos	148	100	120	120	118
De 20 a 24 anos	1.078	862	839	945	955
De 25 a 34 anos	4.698	4.253	4.303	4.337	4.353
De 35 a 44 anos	5.450	5.212	5.505	6.189	6.253
De 45 a 54 anos	4.206	3.861	4.278	4.607	4.754
De 55 a 64 anos	1.868	1.843	2.025	2.201	2.269
65 ou mais anos	17	22	29	35	27
Total	17.466	16.155	17.099	18.435	18.729

Táb. 01: Accidentes segundo grupos de idade dos homes.

A táboa das traballadoras mostra unha evolución moi semellante á anterior con un par de diferenzas importantes: as traballadoras de 55 a 64 anos teñen máis accidentes cas de 25 a 34 anos e o mínimo de accidentes, nestes anos, das maiores de 35 anos non foi no ano 2013, senón no 2012, polo que o mínimo de accidentes nas traballadoras foi no ano 2012 e non no 2013.

Mulleres	Ano de baixa				
Grupos de idade	2012	2013	2014	2015	2016
Menor de 16 anos	0	1	0	0	0
De 16 a 19 anos	40	24	29	35	35
De 20 a 24 anos	286	250	274	287	327
De 25 a 34 anos	1.474	1.358	1.381	1.431	1.328
De 35 a 44 anos	1.803	1.910	2.022	2.243	2.447
De 45 a 54 anos	1.832	2.021	2.262	2.282	2.347
De 55 a 64 anos	951	1.204	1.289	1.402	1.510
65 ou mais anos	24	24	26	30	38
Total	6.410	6.792	7.283	7.710	8.032

Táb. 02: Accidentes segundo grupos de idade das mulleres.

A evolución da sinistralidade laboral do total de homes e mulleres, vén condicionada pola maior sinistralidade dos traballadores, máis do dobre ca das traballadoras. Mentres que nos menores de 35 anos non superaron o número de accidentes en 2016 en relación ao 2012, nos maiores de 35, dende o mínimo do ano 2013, non deixou de aumentar o número de accidentes.

Total	Ano de baixa				
Grupos de idade	2012	2013	2014	2015	2016
Menor de 16 anos	1	3	0	1	0
De 16 a 19 anos	188	124	149	155	153
De 20 a 24 anos	1.364	1.112	1.113	1.232	1.282
De 25 a 34 anos	6.172	5.611	5.684	5.768	5.681
De 35 a 44 anos	7.253	7.122	7.527	8.432	8.700
De 45 a 54 anos	6.038	5.882	6.540	6.889	7.101
De 55 a 64 anos	2.819	3.047	3.314	3.603	3.779
65 ou mais anos	41	46	55	65	65
Total	23.876	22.947	24.382	26.145	26.761

Táb. 03: Accidentes segundo grupos de idade do persoal traballador.


As tres imaxes seguintes mostran a evolución da porcentaxe de accidentes en xornada laboral nos distintos grupos de idade, entre os anos 2012 e 2016. A primeira corresponde aos traballadores, a segunda ás traballadoras e a terceira ao total dos dous grupos.

Na gráfica dos homes e doado comprobar que aumentou a porcentaxe de accidentes dos maiores de 35 anos mentres que diminuíu a dos menores.

A liña dos traballadores de 25 a 34 anos que estaba por riba en número de accidentes á de 45 a 54 anos ata o ano 2014, crúzase neste ano e queda por baixo nos dous anos seguintes.


Gráf. 5: Porcentaxes de accidentes dos traballadores en xornada laboral.

Na gráfica seguinte que corresponde ás porcentaxes de accidentes das traballadoras segundo o seu grupo de idade, a porcentaxe correspondente ás mulleres entre 20 e 24 permaneceu con pouca variación, mentres que é máis visible o descenso da porcentaxe daquelas entre 25 e 34 anos. O anterior contrasta coa evolución mostrada pola liña do grupo de 55 a 64 anos, que desde unha porcentaxe inferior no 2012, no 2015 practicamente iguálase e no 2016 supéraa.



Gráf. 6: Porcentaxes de accidentes das traballadoras en xornada laboral.

Para rematar, a gráfica seguinte mostra as porcentaxes do total do persoal traballador. É salientable que mentres todos os grupos de idade de traballadores maiores de 35 anos aumentaron a súa porcentaxe do total de accidentes, o persoal con idades entre 25 e 34 diminuíu a súa porcentaxe, o cal co indicado anteriormente nesta sección respecto da cotización das contingencias profesionais, mostra unha posible falta de persoal neste grupo de idade e en consecuencia un aumento da idade media dos accidentados.



Gráf. 7: Porcentaxes de accidentes do persoal traballador en xornada laboral.

Seguindo con esta análise dos accidentes en xornada laboral, as tres táboas seguintes, correspondentes a homes, mulleres e total, detallan a evolución de tres estatísticos: Media (o valor medio da idade dos accidentados), Mediana (o valor da idade que divide os accidentados en dous grupos iguais) e Moda (a idade que é máis frecuente), nos que se pode apreciar un aumento na idade do persoal accidentado da observación dos dous primeiros.

Homes	2012	2013	2014	2015	2016
Media	40,04	40,41	40,79	40,92	41,03
Mediana	39,00	40,00	40,00	40,00	41,00
Moda	37	35	38	37	39

Táb.04: Estatísticos da idade dos homes accidentados.


Mulleres	2012	2013	2014	2015	2016
Media	42,19	43,38	43,58	43,59	43,81
Mediana	42,00	44,00	44,00	44,00	44,00
Moda	45	52	48	42	38

Táb.05: Estatísticos da idade das mulleres accidentadas.


Total	2012	2013	2014	2015	2016
Media	40,62	41,29	41,62	41,71	41,87
Mediana	40,00	41,00	41,00	41,00	42,00
Moda	37	36	38	37	38

Táb.06: Estatísticos da idade do persoal traballador accidentado.


E para terminar cos accidentes en xornada laboral, a continuación inclúense os histogramas correspondentes a homes, mulleres e total de accidentados dos cinco anos. Ademais da media e o número de casos, indícase a desviación típica ou estándar que é a medida de dispersión máis común, que indica que tan dispersos están os datos con respecto á media.



Gráf.08: Histograma das idades dos traballadores accidentados.



Gráf.09: Histograma das idades das traballadoras accidentadas.



Gráf.10: Histograma das idades do persoal traballador accidentado.

Para rematar con esta sección, nas tres táboas e tres gráficas seguintes móstrase a evolución, en número de accidentes e porcentual por idade, dos accidentes *in itinere*. Ao contrario que nos accidentes en xornada laboral, o persoal accidentado feminino é maior que o masculino. Nas táboas destacouuse en amarelo os grupos de idade do persoal de 45 ou máis anos de idade e en gris na táboa do total, o grupo de idade de 35 a 44 anos, para resaltar a maior frecuencia coa idade destes accidentes nas mulleres en relación aos homes e o aumento na idade das traballadoras accidentadas nestes anos.

Homes	Ano de baixa				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	14	11	15	11	12
De 20 a 24 anos	112	83	121	95	92
De 25 a 34 anos	409	372	345	325	353
De 35 a 44 anos	371	346	382	394	387
De 45 a 54 anos	219	226	199	234	209
De 55 a 64 anos	119	107	99	94	99
65 ou mais anos	1	1	2	0	2
Total	1.245	1.146	1.163	1.153	1.154

Táb.07: Accidentes in itinere dos traballadores segundo grupos de idade.


Mulleres	Ano de baixa				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	14	6	9	6	7
De 20 a 24 anos	144	97	99	81	110
De 25 a 34 anos	487	506	459	413	484
De 35 a 44 anos	466	459	502	515	541
De 45 a 54 anos	361	389	425	408	416
De 55 a 64 anos	214	271	262	278	279
65 ou mais anos	5	3	7	11	14
Total	1.691	1.731	1.763	1.712	1.851

Táb.08: Accidentes in itinere das traballadoras segundo grupos de idade.

Total	Ano de baixa				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	28	17	24	17	19
De 20 a 24 anos	256	180	220	176	202
De 25 a 34 anos	896	878	804	738	837
De 35 a 44 anos	837	805	884	909	928
De 45 a 54 anos	580	615	624	642	625
De 55 a 64 anos	333	378	361	372	378
65 ou mais anos	6	4	9	11	16
Total	2.936	2.877	2.926	2.865	3.005

Táb.09: Accidentes in itinere do persoal traballador segundo grupos de idade.


Na gráfica seguinte que mostra os accidentes *in itinere* dos traballadores, os traballadores de 55 ou máis anos diminuíron lixeiramente a súa porcentaxe de accidentes nestes anos, estando nos anos 2015 e 2016 moi parella aos de 20 a 24, arredor do 9% (tendo en conta os cotizantes de ambos grupos de idade, na [gráfica 04](#), a incidencia nos traballadores máis maiores é menor). O máis salientable a partires do 2013 é a maior porcentaxe destes accidentes nos traballadores de 35 a 44 anos que nos traballadores de 25 a 34 anos.



Gráf.11: Evolución dos accidentes in itinere dos traballadores.

Na gráfica das porcentaxes de accidentes das traballadoras, a das mulleres de 55 e máis anos, arredor do 15%, é superior á dos homes manténdose con poucas variación no tempo. As porcentaxes dos accidentes das traballadoras entre 25 e 44 anos seguen a mesma evolución dos homes.

Accidentes in itinere, traballadoras



Gráf.12: Evolución dos accidentes in itinere das traballadoras.

No total dos accidentes *in itinere* que se poden ver na gráfica seguinte, a maior porcentaxe destes accidentes é o do persoal traballador entre 35 e 44 anos, cunha porcentaxe media nestes cinco anos arredor do 30%. O seguintes grupos de idade son: o persoal entre 25 e 34 anos cunha porcentaxe media arredor do 29%, o persoal de 45 a 54 anos cunha porcentaxe media arredor do 21% e o persoal traballador de 55 a 64 anos cunha porcentaxe media de arredor do 12,5%, sendo as porcentaxes dos demais grupos de idade menores do 10%.

Gráf.13: Evolución dos accidentes in itinere do persoal traballador.

Incidencia

O detalle da incidencia dos accidentes en xornada laboral segundo a idade do persoal traballador farase mediante as tres táboas e os gráficos seguintes. A primeira táboa, correspondente á incidencia dos traballadores, permite comprobar como a incidencia diminúe coa idade. A incidencia dos traballadores de 55 a 64 anos varía entre 3.333,10 no 2012 a 3.789,21 no 2015, sendo o valor no 2016 de 3.716,81 accidentes por 100.000 traballadores. Unha particularidade da incidencia dos accidentes dos traballadores de 55 ou máis anos de idade é que non diminuíu no ano 2013, ao contrario do que ocorreu con traballadores máis novos.

Grupos de idade	Incidencia traballadores				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	7.388,92	6.770,48	8.577,56	7.485,96	6.933,02
De 20 a 24 anos	6.329,63	5.788,34	5.716,04	6.173,65	6.055,03
De 25 a 34 anos	4.903,25	4.850,65	5.147,19	5.286,45	5.428,97
De 35 a 44 anos	4.437,32	4.342,03	4.543,32	4.978,60	4.952,01
De 45 a 54 anos	4.241,46	3.948,01	4.329,30	4.510,87	4.518,54
De 55 a 64 anos	3.333,10	3.364,43	3.648,91	3.789,21	3.716,81
65 ou mais anos	899,47	1.394,17	1.884,34	2.083,33	1.517,71

Táb.10. Incidencia dos accidentes segundo grupos de idade nos homes, anos 2012-2016.

A táboa seguinte corresponde á incidencia das traballadoras segundo o seu grupo de idade. A incidencia dos accidentes diminúe dende o grupo de idade de mulleres de 16 a 19 anos ata o grupo das que teñen entre 25 e 34, pero volve a aumentar coa idade ata o grupo de 65 ou máis. As traballadoras de 55 a 64 anos son as que teñen a maior incidencia de accidentes xunto cas de 45 a 54 anos e despois das de 16 a 19 anos. A incidencia das traballadoras de 55 a 64 non diminuíu no ano 2013 e aumentou de xeito continuo nestes cinco anos.

Grupos de idade	Incidencia traballadoras				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	3.007,52	2.371,54	2.950,15	3.231,76	3.067,48
De 20 a 24 anos	1.799,08	1.772,67	1.988,10	2.060,15	2.280,02
De 25 a 34 anos	1.535,53	1.485,08	1.586,52	1.708,27	1.633,24
De 35 a 44 anos	1.616,32	1.633,94	1.705,80	1.846,94	1.975,25
De 45 a 54 anos	2.108,97	2.117,58	2.321,67	2.269,65	2.247,80
De 55 a 64 anos	1.973,15	2.186,27	2.245,06	2.316,90	2.367,66
65 ou mais anos	1.059,14	1.153,85	1.150,44	1.235,58	1.421,09


Táb.11: Incidencia dos accidentes segundo grupos de idade nas mulleres, anos 2012-2016.

A última táboa mostra os datos de incidencia do total do persoal traballador. O grupo de maior incidencia é o de 16 a 19 anos, diminuindo coa idade. Os grupos de idade de 35 a 44 anos teñen uns valores de incidencia próximos, tendo un mínimo de incidencia no ano 2013 e aumentando dende ese ano ata o 2016 no grupo de 35 a 44 anos e ata o 2015 no grupo de 45 a 54 anos. O persoal traballador con idades entre os 55 e 64 anos e o grupo de idades con menor incidencia agás os de 65 ou máis anos, aumentando dende o ano 2012 ata o 2015, diminuindo lixeiramente no 2016.

Grupos de idade	Incidencia persoal traballador				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	5.640,56	4.975,92	6.255,25	5.768,52	5.379,75
De 20 a 24 anos	4.142,37	3.835,14	3.910,89	4.213,84	4.257,16
De 25 a 34 anos	3.217,80	3.132,48	3.330,95	3.478,74	3.517,73
De 35 a 44 anos	3.094,63	3.005,93	3.140,11	3.431,05	3.477,86
De 45 a 54 anos	3.245,70	3.043,98	3.332,57	3.399,05	3.387,48
De 55 a 64 anos	2.704,28	2.773,73	2.935,08	3.038,05	3.027,49
65 ou mais anos	986,29	1.258,21	1.448,13	1.582,28	1.460,02

Táb.12: Incidencia dos accidentes segundo grupos de idade no persoal traballador, anos 2012-2016.

A representación gráfica da tres táboas anteriores móstrase a continuación. A primeira das gráficas corresponde a incidencia dos traballadores segundo o seu grupo de idade. É inmediato comprobar a maior incidencia dos traballadores entre 16 e 19 anos e como esta diminúe coa idade dos grupos. A incidencia dos grupos de idade entre 25 e 54 anos ten valores próximos se deixar de diminuír coa idade, estando un pouco máis afastada a liña da incidencia dos traballadores de 55 a 64. o grupo de idade con menor incidencia e cunha visible distancia do anterior é os traballadores de 65 ou máis.




Gráf.14: Incidencia dos accidentes nos homes segundo grupo de idade, anos 2012-2016.

Xa que as traballadoras teñen menor número de accidentes e un número de cotizantes moi parecido aos traballadores, os valores da incidencia dos accidentes nas mulleres son menores. Se se utiliza a mesma escala cos homes na gráfica da incidencia as liñas están moi xuntas, polo que se mostra a incidencia das mulleres coa escala a metade da outra. O grupo de idade de 55 a 64 anos e o de 45 a 54 mantivéronse con valores de incidencia moi parellos nestes anos (arredor de 2.220), sempre por debaixo da incidencia das traballadoras de 16 a 19 anos, estando por riba dos outros grupos de idade agás polo incremento da incidencia das traballadoras de entre 20 e 24 anos no ano 2016. Tamén a incidencia das traballadoras entre 25 a 34 anos e as de 35 a 44 anos mantívose moi parella nestes anos agás no ano 2016 en que diverxen, nas primeiras diminúe e nas segundas aumentan.

Gráf.15: Incidencia dos accidentes nas mulleres segundo grupo de idade, anos 2012-2016.

Na derradeira gráfica das incidencias en xornada laboral, móstranse as incidencias dos grupos de idade do conxunto do persoal traballador. Visualmente confúndense as liñas dos grupos de idade dos traballadores entre 25 e 64 anos, sendo a incidencia dos traballadores entre 55 e 64 lixeiramente inferior (arredor de 2900). O persoal de idade menor de 25 anos ten unha maior incidencia de accidentes e o de 65 anos e máis ten menor incidencia.



Gráf.16. Incidencia dos accidentes no persoal traballador segundo grupo de idade, anos 2012-2016.

As táboas e gráficas a continuación mostran a incidencia dos accidentes *in itinere* nos traballadores, traballadoras e no total do persoal traballador. A primeira táboa corresponde aos datos da incidencia dos traballadores, datos estes que mostran unha diminución da incidencia co incremento da idade. A incidencia nos traballadores de 55 a 64 anos é a máis baixa de todos os grupos de idade agás os de 65 e maiores. Diminúe dende 213,33 no ano 2012 ata 161,83 por 100.000 traballadores no ano 2015, aumentado moi lixeiramente no 2016 a 162,17.

Grupos de idade	Incidencia traballadores				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	698,95	744,75	1.072,19	686,21	705,05
De 20 a 24 anos	657,62	557,35	824,36	620,63	583,31
De 25 a 34 anos	426,87	424,27	412,68	396,15	440,25
De 35 a 44 anos	302,06	288,25	315,27	316,94	306,48
De 45 a 54 anos	220,85	231,09	201,39	229,12	198,65
De 55 a 64 anos	212,33	195,33	178,39	161,83	162,17
65 ou mais anos	52,91	63,37	129,95	0,00	112,42

Táb.13: Incidencia dos accidentes *in itinere* nos homes, anos 2012-2016.

A táboa da incidencia dos accidentes *in itinere* nas traballadoras móstrase a continuación. A incidencia diminúe co aumento da idade, dende os grupos de idade ente os 16 a 24 anos ata as traballadoras entre 35 e 54 anos. A incidencia dos accidentes *in itinere* das traballadoras entre 55 e 64 aumenta en relación aos dous grupos de idade anteriores, cun valor medio da incidencia de arredor é 460 accidentes por 100.000 traballadoras. A incidencia das traballadoras de 65 e máis anos aumenta dende o 2013, pero hai que ter en conta que ten relación con poucos accidentes e afiliadas.

Grupos de idade	Incidencia traballadoras				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	1.052,63	592,89	915,56	554,02	613,50
De 20 a 24 anos	905,83	687,80	718,33	581,44	766,98
De 25 a 34 anos	507,33	553,35	527,31	493,02	595,25
De 35 a 44 anos	417,75	392,66	423,50	424,06	436,70
De 45 a 54 anos	415,58	407,59	436,21	405,79	398,42
De 55 a 64 anos	444,01	492,09	456,33	459,41	437,47
65 ou mais anos	220,65	144,23	309,73	453,05	523,56


Táb.14: Incidencia dos accidentes *in itinere* nas mulleres, anos 2012-2016.

Na táboa da incidencia dos accidentes *in itinere* do total do persoal traballador, esta diminúe ata o grupo de idade de 45 a 54 anos, cun valor medio da incidencia arredor de 310, aumentando no grupo de idade de 55 a 64 anos, cun valor medio da incidencia nestes 5 anos de 320 accidentes por 100.000 traballadores.

Grupos de idade	Incidencia persoal traballador				
	2012	2013	2014	2015	2016
De 16 a 19 anos	840,08	682,18	1.007,56	632,68	668,07
De 20 a 24 anos	777,45	620,80	773,04	601,98	670,78
De 25 a 34 anos	467,13	490,17	471,16	445,10	518,28
De 35 a 44 anos	357,12	339,76	368,79	369,88	370,97
De 45 a 54 anos	311,78	318,27	317,97	316,76	298,15
De 55 a 64 anos	319,45	344,10	319,72	313,67	302,83
65 ou mais anos	144,33	109,41	236,97	267,77	359,39

Táb.15: Incidencia dos accidentes *in itinere* no persoal traballador, anos 2012-2016.

A primeira das gráficas corresponde a incidencia dos accidentes *in itinere* nos traballadores. Agás nos traballadores máis novos e dos máis vellos, cun cumio de incidencia no ano 2014, a incidencia non mostra variación moi destacables. A liña correspondente aos traballadores de 55 a 64 anos é a que mostra unha lixeira diminución nestes anos.




Gráf.17: Incidencia dos accidentes in itinere nos homes, anos 2012-2016.

A gráfica da incidencia dos accidentes *in itinere* nas traballadoras mostra que entre os 25 e os 64 as liñas que representan a incidencia dos accidentes están máis xuntas que nos traballadores, non evidenciando unha clara tendencia na súa evolución, isto xunto cos datos de afiliación e de accidentes expostos anteriormente inducen a pensar que a idade ten menos influencia nos accidentes nas mulleres que nos homes (só tendo en conta estes datos).

Gráf.18: Incidencia dos accidentes in itinere nas mulleres, anos 2012-2016.

A gráfica da incidencia dos accidentes *in itinere* do total do persoal traballador é moi semellante á das mulleres. A maior sinistralidade corresponde ao persoal máis novo: de 16 a 19 anos e de 20 a 24, que cunha tendencia da incidencia baixista, no ano 2014 produciuse un rebote. No grupo de 25 a 34 anos a medias das incidencias sitúase arredor de 480 accidentes por 100.000 traballadores, cun incremento entre 2015 e 2016. A incidencia nos grupos de idade entre 35 e 64 anos é moi parella, cunha incidencia media no persoal entre 55 e 64 anos arredor de 320 e no grupo de 45 a 54 de 313 accidentes por 100.000 traballadores. Dende o ano 2014 a incidencia no grupo de idade de 65 anos e máis esta en valores semellantes aos grupos de idade de 35 a 64 anos mentres que nos anos anteriores era claramente menor.



Gráf.19: Incidencia dos accidentes *in itinere* no persoal traballador, anos 2012-2016.

Gravidade

Nesta sección analizaranse os accidentes ademais de por un criterio de idade segundo a gravidade declarada. No primeiras seis táboas indícanse os accidentes en xornada laboral, leves, graves, mortais e total nos cinco anos analizados, e as incidencias dos mesmos nos traballadores, traballadoras e no total de ambos.

A primeira táboa expresa as porcentaxes de cada grupo de idade do total de cada un dos graos do accidente. Entre os 25 e 54 anos están os tres grupos de idade con maior porcentaxe de accidentes leves, sendo o grupo de 35 a 44 anos o de maior frecuencia destes accidentes co 32,73%. Nos accidentes graves, aumenta a idade dos grupos con maior frecuencia, sendo os de idades entre 35 e 64 anos os que maior porcentaxe teñen. O persoal de 45 a 54 anos sofre o 31,93% dos accidentes e os de 55 a 64 anos o 20,56%. Nos accidentes mortais, os traballadores de 35 a 64 anos aumentan as porcentaxes respecto dos accidentes graves e leves, os traballadores de 45 a 54 anos teñen o 39,85% dos accidentes e os de 55 a 64 anos o 24,14%.

Homes		2012-2016		
Grupos de idade	Leves	Graves	Mortais	Total
Menor de 16 anos	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
De 16 a 19 anos	0,69 %	0,54 %	0,00 %	0,69 %
De 20 a 24 anos	5,36 %	3,95 %	3,07 %	5,32 %
De 25 a 34 anos	25,19 %	16,45 %	12,26 %	24,97 %
De 35 a 44 anos	32,73 %	26,24 %	19,16 %	32,55 %
De 45 a 54 anos	24,50 %	31,93 %	39,85 %	24,70 %
De 55 a 64 anos	11,38 %	20,56 %	24,14 %	11,61 %
65 ou mais anos	0,14 %	0,32 %	1,53 %	0,15 %
Totais	100%	100%	100%	100%

Táb.16: Porcentaxes dos accidentes segundo a gravidade e grupo de idade nos homes.

Si temos en conta ademais do número de accidentes, os traballadores que cotizan as continxencias profesionais, temos a táboa de incidencias seguinte. Nos accidentes leves e no total, e tal coma destácase con celas de cores, a incidencia destes accidentes diminúe coa idade dos traballadores. Nos accidentes graves os grupos de maior incidencia xa non son todos os de menor idade. Os traballadores de 55 a 64 anos teñen unha incidencia de 133,12 accidentes por 100.000 traballadores, os de 16 a 19 anos de 122,19 e os de 45 a 54 anos de 117,27. Nos accidentes mortais a incidencia aumenta claramente dun xeito case correspondente coa idade dos grupos, tal que os traballadores de 65 ou máis anos teñen unha incidencia de 47,25 accidentes por 100.000, os de 55 a 64 anos de 22,07 y os de 45 a 54 anos de 20,67.

Homes		Incidencia 2012-2016		
Grupos de idade	Leves	Graves	Mortais	Total
De 16 a 19 anos	7.282,50	122,19	0,00	7.404,69
De 20 a 24 anos	5.919,16	93,98	10,30	6.023,43
De 25 a 34 anos	5.033,16	70,81	7,45	5.111,42
De 35 a 44 anos	4.567,78	78,91	8,14	4.654,83
De 45 a 54 anos	4.176,36	117,27	20,67	4.314,30
De 55 a 64 anos	3.420,19	133,12	22,07	3.575,38
65 ou mais anos	1.417,43	70,87	47,25	1.535,55
Totais	4.451,63	95,91	13,55	4.561,09

Táb.17: Incidencia dos accidentes segundo a gravidade e grupos de idade nos homes.

Nas traballadoras, a porcentaxe de accidentes leves e totais aumenta coa idade ata chegar nos accidentes leves no grupo de 45 a 54 anos ao 29,63%, sendo a porcentaxe de accidentes leves no grupo de 35 a 44 anos un valor tan próximo como 28,91%, e diminuíndo no grupo de 55 a 64 anos ao 17,27%. A porcentaxe de accidentes graves aumenta coa idade dos grupos, chegando ao máximo nas traballadoras de 55 a 64 anos co 40,62% dos accidentes graves, sendo o seguinte grupo en porcentaxe o de 45 a 54 anos co 32,78%. Nos mortais, con poucos casos, a maior porcentaxe corresponde ao grupo de 55 a 64 anos co 38,46% seguido co grupo de 35 a 44 anos co 30,77%.

Mulleres		2012-2016		
Grupos de idade	Leves	Graves	Mortais	Total
Menor de 16 anos	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
De 16 a 19 anos	0,45 %	0,24 %	0,00 %	0,45 %
De 20 a 24 anos	3,97 %	0,95 %	0,00 %	3,93 %
De 25 a 34 anos	19,39 %	7,36 %	15,38 %	19,25 %
De 35 a 44 anos	28,91 %	17,10 %	30,77 %	28,78 %
De 45 a 54 anos	29,63 %	32,78 %	15,38 %	29,66 %
De 55 a 64 anos	17,27 %	40,62 %	38,46 %	17,54 %
65 ou mais anos	0,39 %	0,95 %	0,00 %	0,39 %
Totais	100%	100%	100%	100%

Táb.18: Porcentaxes dos accidentes segundo a gravidade e grupo de idade nas mulleres.

A incidencia dos accidentes leves nas traballadoras diminúe dende un máximo de 2.919,44 por 100.000 nas mulleres de 16 a 19 anos ata as de 25 a 34 anos, nas que volve a subir ata os máximos nos grupos de 45 a 54 anos (2.187,78 por 100.000) e 55 a 64 anos (2.168,64 por 100.000). A incidencia dos accidente graves e maior nos grupos de idade de 45 anos en adiante, correspondendo ao grupo de 55 a 64 anos o maior índice con 60,01 accidentes por 100.000 traballadoras, o seguinte grupo é o das traballadoras de 65 ou máis anos cunha incidencia de 34,16 e o terceiro grupo os das mulleres de 45 a 54 anos cun índice de 28,47. En canto aos accidentes mortais, o único índice que sobresaie por riba do total dos mortais das mulleres é o das traballadoras de 55 a 64 anos cun índice de 1,75 accidentes por 100.000 traballadoras.

Mulleres		Incidencia 2012-2016		
Grupos de idade	Leves	Graves	Mortais	Total
De 16 a 19 anos	2.919,44	18,02	0,00	2.937,47
De 20 a 24 anos	1.970,72	5,55	0,00	1.976,27
De 25 a 34 anos	1.578,62	7,05	0,45	1.586,12
De 35 a 44 anos	1.747,23	12,16	0,68	1.760,06
De 45 a 54 anos	2.187,78	28,47	0,41	2.216,66
De 55 a 64 anos	2.168,64	60,01	1,75	2.230,40
65 ou mais anos	1.178,68	34,16	0,00	1.212,85
Totais	1.892,96	22,27	0,69	1.915,91

Táb.19: Incidencia dos accidentes segundo a gravidade e grupos de idade nas mulleres.

Para terminar coa análise dos accidentes en xornada laboral segundo o seu grao de lesión e os grupos de idade do persoal traballador accidentado, nas últimas dúas táboas móstranse os datos do total de accidentados (homes e mulleres), as porcentaxes de cada grupo de idade no grao de lesión correspondente na primeira táboa e a incidencia da gravidade dos accidentes en cada grupo de idade na segunda.

Nos accidentes leves, o grupo de maior porcentaxe é o do persoal traballador entre 35 e 44 anos cunha porcentaxe do 31,61% dos accidentes, seguido do grupo de 45 a 54 anos cunha porcentaxe do 26,01% e do grupo de 25 a 34 anos co 23,48% dos accidentes leves. Nos graves o maior número de accidentes desprázanse ata grupos de maior idade, de xeito que o persoal de 45 a 54 anos ten o 32,08% dos accidentes, de 35 a 44 anos o 24,55% e de 55 a 64 anos o 24,28%. Nos accidentes mortais o incremento das porcentaxes nos grupos de maior idade aumenta con respecto a los accidentes graves. A porcentaxe no persoal de 45 a 54 é do 38,69%, de 55 a 64 anos do 24,82% e de 35 a 44 anos do 19,71%. Agás en pequenas variacións das porcentaxes o dito para os accidentes leves pódese dicir para o total dos accidentes.

Total		2012-2016		
Grupos de idade	Leves	Graves	Mortais	Total
Menor de 16 anos	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
De 16 a 19 anos	0,62 %	0,48 %	0,00 %	0,62 %
De 20 a 24 anos	4,95 %	3,39 %	2,92 %	4,92 %
De 25 a 34 anos	23,48 %	14,76 %	12,41 %	23,30 %
De 35 a 44 anos	31,61 %	24,55 %	19,71 %	31,45 %
De 45 a 54 anos	26,01 %	32,08 %	38,69 %	26,15 %
De 55 a 64 anos	13,11 %	24,28 %	24,82 %	13,34 %
65 ou mais anos	0,21 %	0,44 %	1,46 %	0,22 %
Totais	100%	100%	100%	100%

Táb.20: Porcentaxes dos accidentes segundo a gravidade e grupo de idade no persoal traballador.

Na incidencia do total do persoal traballador, o maior número de accidentes dos homes, máis do dobre que nas mulleres, fai que esta táboa sexa igual en canto aos grupos de maior incidencia que na táboa da incidencia dos traballadores, iso si con índices menores, xa que nos cotizantes cóntanse homes e mulleres. Para resumila, pódese dicir que na incidencia dos accidentes o aumento da gravidade correspóndelle un desprazamento dos valores máis altos cara os grupos de maior idade, coa excepción de que a incidencia dos accidentes graves no grupo de traballadores de 16 a 19 anos, cun índice de 80,07 accidentes por 100.000 é o segundo por detrás do grupo de 55 a 64 anos que ten un índice de 96,59 accidentes por 100.000 traballadores.

Total	Incidencia 2012-2016			Total
	Leves	Graves	Mortais	
De 16 a 19 anos	5.517,54	80,07	0,00	5.597,61
De 20 a 24 anos	4.019,15	51,42	5,34	4.075,92
De 25 a 34 anos	3.285,51	38,56	3,91	3.327,98
De 35 a 44 anos	3.183,56	46,15	4,47	3.234,18
De 45 a 54 anos	3.200,62	73,70	10,73	3.285,05
De 55 a 64 anos	2.794,94	96,59	11,92	2.903,46
65 ou mais anos	1.279,06	49,58	19,83	1.348,47
Totais	3.184,35	59,43	7,18	3.250,96

Táb.21: Incidencia dos accidentes segundo a gravidade e grupos de idade no persoal traballador.

Nas táboas e gráficos seguintes analizarase a evolución dos accidentes e da incidencias entre os anos 2012 e 2016 tendo en conta o sexo e a gravidade, dividindo ao persoal traballador en dous grupos de idade: os de 55 anos e maiores e os menores de 55 anos.

No traballadores de 55 ou máis anos, as peores porcentaxes segundo a gravidade dos accidentes foron no ano 2012 onde a porcentaxe de accidentes graves foi do 4,40% e a de mortais do 0,74%. Pola contra, as mellores porcentaxes foron no ano 2013, 0,48% dos accidentes mortais e o 2,91% nos accidentes graves. Nas traballadoras, os anos de peores e mellores porcentaxes dos accidentes graves e mortais están xuntos: no 2013 a porcentaxe de graves foi de 3,42% e de mortais de 0,16%, no 2014 a porcentaxe de graves foi do 2,13% dos accidentes graves e do 0,00% dos accidentes mortais. No total de homes e mulleres, o ano 2012 foi o de peor porcentaxe de accidentes mortais co 0,52%, no 2013 se deu a peor porcentaxe de accidentes graves co 3,85% e a máis pequena de mortais co 0,36%, e o 2015 tivo a porcentaxe máis pequena de accidentes graves co 2,89%.

55 anos e maiores							
Sexo	Gravidade	Ano de baixa					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	94,85 %	95,39 %	95,67 %	96,42 %	95,60 %	95,62 %
	Graves	4,40 %	4,13 %	3,65 %	2,91 %	3,75 %	3,73 %
	Mortais	0,74 %	0,48 %	0,68 %	0,67 %	0,65 %	0,65 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Mulleres	Leves	97,33 %	96,42 %	97,87 %	97,07 %	97,42 %	97,23 %
	Graves	2,56 %	3,42 %	2,13 %	2,86 %	2,52 %	2,69 %
	Mortais	0,10 %	0,16 %	0,00 %	0,07 %	0,06 %	0,08 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Total	Leves	95,70 %	95,80 %	96,53 %	96,67 %	96,33 %	96,24 %
	Graves	3,78 %	3,85 %	3,06 %	2,89 %	3,25 %	3,33 %
	Mortais	0,52 %	0,36 %	0,42 %	0,44 %	0,42 %	0,43 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb.22: Evolución das porcentaxes de accidentes no persoal de 55 anos e maiores.

A evolución dos accidentes segundo a gravidade no persoal traballador menor de 55 anos foi lixeiramente distinta á dos de 55 e maiores. Nos homes a peor porcentaxe dos accidentes graves foi no ano 2012, ano no que tiveron a máis pequena de mortais co 0,20%. A peor porcentaxe de accidentes mortais foi no 2014 co 0,32% e mellor dos graves no 2015 co 1,59%. Nas traballadoras, o ano 2012 foi o de peor porcentaxe de accidentes graves co 0,96%, 2013 o de peor porcentaxe de mortais co 0,04%, 2015 co mellor de accidentes graves co 0,56% e 2016 o mellor en canto a porcentaxe de accidentes mortais co 0,02% lixeiramente menor (sen redondeo) á do 2012. No total do persoal traballador, no ano 2012 déronse a pero porcentaxe nos accidentes graves, o 1,84% e a mellor nos accidentes mortais, o 0,15%. O ano 2014 foi a da peor porcentaxe de mortais, o 0,24% e o 2015 o da mellor de graves co 1,30%.

menos de 55 anos							
Sexo	Gravidade	Ano de baixa					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	97,65 %	98,03 %	97,89 %	98,17 %	97,60 %	97,86 %
	Graves	2,15 %	1,76 %	1,79 %	1,59 %	2,13 %	1,89 %
	Mortais	0,20 %	0,22 %	0,32 %	0,25 %	0,27 %	0,25 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Mulleres	Leves	99,02 %	99,05 %	99,11 %	99,41 %	99,11 %	99,15 %
	Graves	0,96 %	0,92 %	0,85 %	0,56 %	0,88 %	0,83 %
	Mortais	0,02 %	0,04 %	0,03 %	0,03 %	0,02 %	0,03 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Total	Leves	98,01 %	98,31 %	98,24 %	98,51 %	98,03 %	98,22 %
	Graves	1,84 %	1,52 %	1,52 %	1,30 %	1,78 %	1,59 %
	Mortais	0,15 %	0,17 %	0,24 %	0,19 %	0,20 %	0,19 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb.23: Evolución das porcentaxes de accidentes no persoal menor de 55 anos.


Antes de seguir cos accidentes segundo a súa gravidade e a incidencia dos mesmos, na táboa seguinte móstranse as porcentaxes de cotizantes anuais do persoal traballador de 55 ou máis anos e os menores de 55 segundo sexo e as porcentaxes do total. Tanto en homes como en mulleres, as porcentaxes de afiliados cotizantes das continxencias profesionais de 55 ou máis anos de idade aumentan ano a ano, máis no caso das mulleres, o que supón na práctica un envellecemento da poboación traballadora.

		Porcentaxes dos cotizantes					
		Idade	2012	2013	2014	2015	2016
Homes	>= 55		14,68 %	14,90 %	15,14 %	15,52 %	16,03 %
	<55		85,32 %	85,10 %	84,86 %	84,48 %	83,97 %
Mulleres	>= 55		13,94 %	15,20 %	15,81 %	16,40 %	16,97 %
	<55		86,06 %	84,80 %	84,19 %	83,60 %	83,03 %
Total	>= 55		14,32 %	15,05 %	15,48 %	15,96 %	16,50 %
	<55		85,68 %	84,95 %	84,52 %	84,04 %	83,50 %

Táb. 24. Evolución das porcentaxes dos cotizantes do persoal traballador.

As primeiras dúas gráficas mostran a evolución dos accidentes leves nos dous grupos con fronteira nos 55 anos. Aínda que o número de accidentes sexa menor no persoal traballador de 55 ou máis anos, a súa escala é a metade que no outro grupo para facilitar o detalle, proporcionalmente o incremento do número de accidentes no persoal traballador de 55 ou maiores é superior. Este incremento dos accidentes ademais é máis constante e con menos variacións, nos homes e no total de accidentes, que nos menores de 55 anos.

Gráf.20. Evolución dos accidentes leves no persoal de 55 anos ou máis.




Gráf.21. Evolución dos accidentes leves no persoal de menos de 55 anos.

Para ter en conta as diferenzas de afiliación e como os accidentes afectan aos distintos grupos de idade, utilízase a incidencia dos accidentes, incidencia que dos accidentes leves móstrase nas dúas gráficas a continuación. Como se pode observar, a incidencia é menor no persoal traballador de 55 ou máis anos de idade cunha evolución con variacións menores que no caso dos traballadores de menor idade. Outra diferenza entre ambos os grupos, é que a diminución da incidencia destes accidentes nos


menores de 55 anos no ano 2013 non se dá no outro grupo. Dado o maior número de accidentes nos homes, a evolución dos seus accidentes é moi similar á do total de traballadores. En canto ás mulleres, a incidencia é completamente distinta, a incidencia é maior nas traballadoras do grupo de maior idade e mesmo crece un pouco máis nestes anos.

Incidencia dos leves con 55 anos e máis



Gráf.22. Incidencia dos accidentes leves nos traballadores de 55 anos ou máis.


Incidencia dos leves con menos de 55 anos



Gráf.23. Incidencia dos accidentes leves nos traballadores de menos de 55 anos.


A continuación, nas gráficas detállanse os accidentes graves do persoal traballador de 55 ou máis anos e os menores desta idade. Aínda que os números son menores no total e nos traballadores, xa se pode utilizar comodamente a mesma escala para comparar ambos os grupos de idade. No caso das traballadoras, o número de accidentes non é moi distinto aínda coa gran diferenza na afiliación. A evolución do total dos accidentes nos dous grupos de idade foi ata o ano 2015 completamente distinta, o aumento do número de accidentes nun grupo corresponde a unha diminución no outro, a partires do 2015 en ambos grupos aumentan. Nas traballadoras de 55 ou máis anos, o número de accidentes graves mostra máis variacións que nas de menor idade.

Accidentes graves con 55 anos e máis




Gráf.24. Evolución dos accidentes graves no persoal de 55 anos e maiores.

Accidentes graves con menos de 55 anos




Gráf.25. Evolución dos accidentes graves no persoal de menos de 55 anos.

No persoal traballador de 55 ou máis anos de idade, a incidencia dos accidentes graves diminuíu entre os anos 2013 e 2015, volvendo aumentar aínda que sen chegar aos valores dos anos 2012 e 2013. Nos traballadores a incidencia diminuíu entre os anos 2012 e 2015, con aumento no ano 2016 ata alcanzar a incidencia destes accidentes no 2013. Nas traballadoras, a evolución da incidencia caracterizouse por subidas e baixadas, cun máximo do índice no ano 2013 e un mínimo no 2014. No persoal traballador menor de 55 anos, a incidencia dos accidentes graves diminuíu no ano 2013, manténdose con variacións ata o 2015, subindo ata o valor máximo de incidencia no 2016. Nos homes a evolución da incidencia é moi similar á do total de traballadores, con valores distintos coma é natural. Nas traballadoras, a incidencia mantívose en valores moi similares no período, coa excepción do valor inferior do ano 2015.



Gráf.26. Incidencia dos accidentes graves no persoal traballador de 55 e máis anos.




Gráf.27. Incidencia dos accidentes graves no persoal traballador de menos de 55 anos.

Nos accidentes mortais, agás no ano 2013 en que houbo un descenso, o número mantívose en valores moi similares no grupo de traballadores con 55 ou máis anos, sendo o número de accidentes mortais nas traballadoras entre cero e dous nestes anos.


No grupo de traballadores menores de 55 anos, os accidentes mortais mostran unha tendencia ascendente desde o ano 2012, cun máximo no 2014. Nas gráficas de incidencia seguintes é onde se poden facer valoracións ao ter en conta as a afiliación de ambos os grupos de idade.

Accidentes mortais con 55 anos e máis



Gráf.28. Accidentes mortais do persoal traballador de 55 anos ou máis.


Accidentes mortais con menos de 55 anos




Gráf.29. Accidentes mortais do persoal traballador de menos de 55 anos.

De forma similar ao que ocorre cos accidentes graves nos mortais a incidencia é maior nos traballadores de 55 ou máis anos de idade. Agás entre os anos 2012 e 2013, co descenso ocorrido no 2013, o valor da incidencia non experimentou grandes variacións. É na incidencia entre os homes onde este descenso no ano 2013 faise máis visible, manténdose en valores moi similares nos demais anos. Curiosamente é no ano 2013 onde a incidencia entre as mulleres alcanza un valor máis alto, sempre dentro duns índices de incidencia dos accidentes mortais moito máis baixos que os masculinos.

A incidencia dos accidentes mortais no persoal traballador menor de 55 anos, así como nos homes mostra unha tendencia ascendente nestes anos, cun máximo no 2014. A incidencia dos accidentes mortais nas traballadoras mantívose en valores menores de 1 accidente por 100.000 traballadoras.



Gráf.30. Incidencia dos accidentes mortais no persoal traballador de 55 anos e máis.



Gráf.31. Incidencia dos accidentes mortais no persoal traballador de menos de 55 anos.

Xa finalizando a análise pola gravidade dos accidentes nos traballadores con idade igual ou superior e inferior a 55 anos, a continuación adicadas aos accidentes *in itinere*, seguen catro táboas con porcentaxes de accidentes e incidencias dos anos 2012 ao 2016. Nas dúas primeiras táboas que corresponden ás porcentaxes segundo a gravidade destes accidentes en cada sexo, pódese observar como no persoal traballador de 55 ou máis anos de idade, nos dous últimos anos e especialmente neste último, pódese falar dunha melloría en relación a anos anteriores. Pola contra, nos traballadores menores de 55 anos, agás o feito das mellores porcentaxes no ano 2013, só se pode falar de datos máis baixos no ano 2016 no caso das traballadoras.

Sexo	Gravidade	Accidentes in Itinere, 55 anos e maiores					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	92,50 %	94,44 %	91,09 %	96,81 %	94,06 %	93,70 %
	Graves	6,67 %	4,63 %	7,92 %	3,19 %	5,94 %	5,73 %
	Mortais	0,83 %	0,93 %	0,99 %	0,00 %	0,00 %	0,57 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Mulleres	Leves	94,98 %	94,16 %	95,54 %	93,43 %	94,88 %	94,57 %
	Graves	5,02 %	5,84 %	4,09 %	6,57 %	5,12 %	5,36 %
	Mortais	0,00 %	0,00 %	0,37 %	0,00 %	0,00 %	0,07 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Total	Leves	94,10 %	94,24 %	94,32 %	94,26 %	94,67 %	94,33 %
	Graves	5,60 %	5,50 %	5,14 %	5,74 %	5,33 %	5,46 %
	Mortais	0,29 %	0,26 %	0,54 %	0,00 %	0,00 %	0,21 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb.25. Porcentaxes dos accidentes in itinere segundo sexo no persoal traballador de 55 e maiores, anos 2012-2016.

Sexo	Gravidade	Accidentes in Itinere, menores de 55 anos					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	97,87 %	97,59 %	96,42 %	97,92 %	96,58 %	97,28 %
	Graves	1,78 %	2,22 %	3,48 %	1,79 %	2,85 %	2,42 %
	Mortais	0,36 %	0,19 %	0,09 %	0,28 %	0,57 %	0,30 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Mulleres	Leves	98,23 %	98,70 %	98,13 %	98,10 %	98,52 %	98,34 %
	Graves	1,63 %	1,17 %	1,67 %	1,69 %	1,48 %	1,53 %
	Mortais	0,14 %	0,14 %	0,20 %	0,21 %	0,00 %	0,14 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Total	Leves	98,07 %	98,24 %	97,42 %	98,03 %	97,74 %	97,90 %
	Graves	1,69 %	1,60 %	2,43 %	1,73 %	2,03 %	1,90 %
	Mortais	0,23 %	0,16 %	0,16 %	0,24 %	0,23 %	0,20 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb.26. Porcentaxes dos accidentes in itinere segundo sexo no persoal traballador de menos de 55 anos, 2012-2016.

En canto á incidencia dos accidentes *in itinere*, no persoal traballador de 55 anos ou maior pódese ver unha mellora nos dous últimos anos, mentres que nos menores de 55 anos, ademais dos bos datos do ano 2013, a melloría nos accidentes máis graves deuse só no último ano entre as traballadoras.

Sexo	Gravidade	Incidencia In Itinere, 55 anos e maiores					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	191,60	180,99	161,30	152,26	151,21	167,05
	Graves	13,81	8,87	14,03	5,02	9,55	10,21
	Mortais	1,73	1,77	1,75	0,00	0,00	1,02
	Totais	207,13	191,64	177,08	157,28	160,76	178,28
Mulleres	Leves	412,18	451,44	430,67	428,98	418,36	432,43
	Graves	21,80	28,00	18,43	30,19	22,57	24,50
	Mortais	0,00	0,00	1,68	0,00	0,00	0,34
	Totais	433,98	479,43	450,78	459,17	440,93	457,27
Total	Leves	294,28	317,16	299,04	294,20	288,53	298,34
	Graves	17,53	18,50	16,28	17,93	16,24	17,27
	Mortais	0,92	0,88	1,71	0,00	0,00	0,68
	Totais	312,73	336,54	317,03	312,13	304,78	316,29

Táb.27. Incidencia dos accidentes *in itinere* segundo sexo no persoal traballador de 55 anos e maiores, anos 2012-2016.

Sexo	Gravidade	Incidencia In Itinere, menores de 55 anos					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	326,87	314,71	320,34	318,69	308,99	317,96
	Graves	5,94	7,15	11,57	5,84	9,11	7,90
	Mortais	1,19	0,62	0,31	0,92	1,82	0,98
	Totais	333,99	322,48	332,23	325,45	319,93	326,84
Mulleres	Leves	464,00	450,94	461,33	435,20	472,18	456,73
	Graves	7,70	5,33	7,87	7,48	7,07	7,09
	Mortais	0,64	0,63	0,94	0,94	0,00	0,63
	Totais	472,34	456,89	470,14	443,62	479,25	464,44
Total	Leves	339,88	327,61	332,91	319,26	328,78	329,65
	Graves	5,87	5,35	8,29	5,64	6,83	6,40
	Mortais	0,80	0,53	0,53	0,79	0,77	0,69
	Totais	346,55	333,50	341,73	325,69	336,38	336,73

Táb.28. Incidencia dos accidentes *in itinere* segundo sexo no persoal traballador de menos de 55 anos, anos 2012-2016.

Sectores

Na análise dos accidentes segundo o sector de actividade da empresa do accidentado, a primeira táboa corresponde ás porcentaxes de accidentes que cada grupo de idade ten nos cinco sectores representados, tendo en conta ademais que se expresan segundo sexan homes ou mulleres e o total de ambos. Destácanse con cores as celas con porcentaxes superiores e inferiores ás porcentaxes do total de accidentes en cada grupo de idade. Os accidentes que se consideran son o total dos accidentes en xornada nestes cinco anos.

Segundo o sexo do traballador e o grupo de idade, os resultados son os seguintes:

Homes

- Agricultura: Os traballadores entre 35 e 54 anos son os únicos que teñen porcentaxes de accidentes por baixo das dos seus grupos de idade.
- Pesca: Os traballadores de menos de 20 anos e os de 45 a 54 anos son os únicos que teñen porcentaxes por riba das dos seus grupos de idade.
- Industria: Os traballadores de 25 a 44 anos e os de 55 a 64 son os que teñen porcentaxes por riba.
- Construción: Os traballadores de 25 a 44 anos e os de 55 a 64 son os que teñen porcentaxes por riba.
- Servizos: Os traballadores de menos de 35 anos e os de 65 e maiores son os que teñen porcentaxes por riba das dos seus grupos de idade.

Mulleres

- Agricultura: As traballadoras de 45 anos e maiores son as que teñen porcentaxes por riba das dos seus grupos de idade, moi por riba entre os 45 e os 64 anos.
- Pesca: As traballadoras menores de 20 anos e as de 55 e maiores teñen porcentaxes por riba das dos seus grupos de idade, moi por riba nas de 55 a 64 anos.
- Industria: De 35 á 54 anos son as traballadoras con porcentaxes por riba dos seus grupos de idade.
- Construción: As traballadoras de 25 a 44 son as que teñen porcentaxes por riba das dos seus grupos de idade, moi por riba as de 35 a 44 anos.
- Servizos: Entre os 35 e os 64 anos as traballadoras teñen porcentaxes por baixo das dos seus grupos de idade.

Sexo	Grupos de idade	Sector					Total
		Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
Homes	Menor de 16 anos	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,01 %	0,01 %	0,00 %
	De 16 a 19 anos	1,42 %	0,94 %	0,50 %	0,56 %	0,76 %	0,69 %
	De 20 a 24 anos	8,29 %	4,45 %	4,46 %	4,26 %	6,22 %	5,32 %
	De 25 a 34 anos	25,05 %	18,60 %	25,60 %	25,18 %	25,30 %	24,97 %
	De 35 a 44 anos	27,82 %	32,20 %	33,84 %	33,59 %	31,76 %	32,55 %
	De 45 a 54 anos	23,72 %	35,05 %	23,51 %	24,26 %	24,44 %	24,70 %
	De 55 a 64 anos	13,53 %	8,69 %	11,97 %	12,05 %	11,30 %	11,61 %
	65 ou mais anos	0,17 %	0,06 %	0,12 %	0,08 %	0,22 %	0,15 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Mulleres	Menor de 16 anos	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
	De 16 a 19 anos	0,07 %	0,51 %	0,37 %	0,00 %	0,48 %	0,45 %
	De 20 a 24 anos	0,96 %	2,57 %	2,95 %	2,96 %	4,30 %	3,93 %
	De 25 a 34 anos	7,02 %	13,70 %	17,41 %	25,19 %	20,30 %	19,25 %
	De 35 a 44 anos	16,67 %	26,88 %	32,12 %	42,96 %	28,73 %	28,78 %
	De 45 a 54 anos	37,33 %	28,42 %	33,14 %	17,04 %	28,70 %	29,66 %
	De 55 a 64 anos	37,12 %	27,23 %	13,86 %	11,85 %	17,08 %	17,54 %
	65 ou mais anos	0,83 %	0,68 %	0,15 %	0,00 %	0,41 %	0,39 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Total	Menor de 16 anos	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,01 %	0,00 %	0,00 %
	De 16 a 19 anos	1,10 %	0,89 %	0,48 %	0,55 %	0,64 %	0,62 %
	De 20 a 24 anos	6,54 %	4,25 %	4,20 %	4,25 %	5,36 %	4,92 %
	De 25 a 34 anos	20,75 %	18,09 %	24,19 %	25,18 %	23,05 %	23,30 %
	De 35 a 44 anos	25,16 %	31,65 %	33,55 %	33,67 %	30,40 %	31,45 %
	De 45 a 54 anos	26,96 %	34,36 %	25,17 %	24,21 %	26,36 %	26,15 %
	De 55 a 64 anos	19,16 %	10,63 %	12,29 %	12,05 %	13,90 %	13,34 %
	65 ou mais anos	0,33 %	0,13 %	0,12 %	0,07 %	0,30 %	0,22 %
	Totais	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb. 29. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, grupo de idade e sector.

Total

- Agricultura: No total do persoal traballador, soamente o de 25 a 44 anos ten porcentaxes por baixo do total dos seus grupos de idade.
- Pesca: O persoal de 16 a 19 anos e o de idades entre 35 e 54 é o que ten porcentaxes por riba do total dos seus grupos de idade.
- Industria: O persoal de 25 a 44 anos e o de porcentaxes por riba das dos seus grupos de idade.
- Construción: Ao igual que na industria, o persoal de 25 a 44 anos e o de porcentaxes por riba das dos seus grupos.
- Servizos: Soamente o persoal de 25 a 44 anos ten porcentaxes por baixo das dos seus grupos de idade.

As dúas táboas seguintes, a primeira para o persoal traballador de 55 anos ou maior e a segunda para os menores de 55 anos, mostrase as porcentaxes de accidentes do total dos accidentes en xornada nestes cinco anos segundo o sector de actividade considerado. Para destacar as porcentaxes márcanse en diferente cor as celas das táboas se a porcentaxe é superior ou inferior co que se compara.

Nas táboas búscanse os sectores nos que as porcentaxes de accidentes graves e mortais superan a porcentaxe correspondente ao total dos accidentes nos dous grupos de idade considerados. Nos homes de 55 anos e maiores, son superiores as porcentaxes de graves e mortais na agricultura e pesca, os graves na construción e os mortais nos servizos. Nas mulleres son superiores as porcentaxes dos graves na agricultura, graves e mortais na pesca e mortais na industria. No total de homes e mulleres, son superiores as porcentaxes de accidentes graves na agricultura e dos graves e mortais na pesca e a construción. Como xa se indicou anteriormente, a gravidade dos accidentes nos homes e mulleres de 55 anos e maiores, é superior aos traballadores máis novos, con sectores como a agricultura en que o porcentaxe de graves e máis do dobre.

Gravidade dos accidentes, persoal traballador de 55 e máis anos					
Sexo	Sector	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	Agricultura	90,08 %	8,98 %	0,94 %	100%
	Pesca	90,66 %	7,29 %	2,05 %	100%
	Industria	97,30 %	2,32 %	0,38 %	100%
	Construción	95,12 %	4,26 %	0,62 %	100%
	Servizos	95,98 %	3,35 %	0,67 %	100%
	Totais		95,62 %	3,73 %	0,65 %
Mulleres	Agricultura	89,47 %	10,53 %	0,00 %	100%
	Pesca	92,02 %	7,36 %	0,61 %	100%
	Industria	98,15 %	1,72 %	0,13 %	100%
	Construción	100,00 %	0,00 %	0,00 %	100%
	Servizos	98,10 %	1,84 %	0,06 %	100%
	Totais		97,23 %	2,69 %	0,08 %
Total	Agricultura	89,80 %	9,70 %	0,51 %	100%
	Pesca	91,03 %	7,31 %	1,66 %	100%
	Industria	97,46 %	2,20 %	0,33 %	100%
	Construción	95,15 %	4,23 %	0,62 %	100%
	Servizos	97,16 %	2,51 %	0,33 %	100%
	Totais		96,24 %	3,33 %	0,43 %

Táb.30. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, sector e gravidade no persoal traballador de 55 anos e maior.

Nos traballadores menores de 55 anos, na agricultura e a pesca, tanto nos accidentes graves como nos mortais, así como os accidentes graves na construción superan a porcentaxe do total dos sectores. Nas traballadoras, na agricultura e a pesca son superiores as porcentaxes dos accidentes graves, na industria dos accidentes mortais e tanto de accidentes graves como mortais na construción. No total de homes e mulleres os sectores nos que se superan as porcentaxes de accidentes graves e mortais son: a agricultura, a industria e a construción.

Gravidade dos accidentes, persoal traballador menor de 55 anos					
Sexo	Sector	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	Agricultura	95,85 %	3,80 %	0,35 %	100%
	Pesca	94,76 %	4,26 %	0,98 %	100%
	Industria	98,44 %	1,42 %	0,13 %	100%
	Construción	97,41 %	2,36 %	0,23 %	100%
	Servizos	98,38 %	1,40 %	0,23 %	100%
	Totais		97,86 %	1,89 %	0,25 %
Mulleres	Agricultura	95,56 %	4,44 %	0,00 %	100%
	Pesca	97,15 %	2,85 %	0,00 %	100%
	Industria	99,29 %	0,65 %	0,06 %	100%
	Construción	98,32 %	0,84 %	0,84 %	100%
	Servizos	99,29 %	0,69 %	0,02 %	100%
	Totais		99,15 %	0,83 %	0,03 %
Total	Agricultura	95,80 %	3,92 %	0,29 %	100%
	Pesca	94,96 %	4,14 %	0,90 %	100%
	Industria	98,59 %	1,29 %	0,12 %	100%
	Construción	97,42 %	2,35 %	0,24 %	100%
	Servizos	98,77 %	1,09 %	0,14 %	100%
	Totais		98,22 %	1,59 %	0,19 %

Táb.31. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, sector e gravidade no persoal traballador menor de 55 anos.

Os mesmos resultados no que se refire aos maiores ou menores porcentaxes dos accidentes graves e mortais pódense obter comparando a porcentaxe do grao de accidente (leve, grave ou mortal) do sector coa porcentaxe de accidentes do sector en relación ao total. Por exemplo, no total dos traballadores de 55 e maiores, os accidentes mortais na construción supoñen o 18,06% dos accidentes mortais, cando o total de accidentes na construción son o 12,50% dos accidentes.

Gravidade dos accidentes, persoal traballador de 55 e máis anos					
Sexo	Sector	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	Agricultura	5,79 %	14,77 %	8,96 %	6,14 %
	Pesca	4,03 %	8,29 %	13,43 %	4,25 %
	Industria	30,96 %	18,91 %	17,91 %	30,43 %
	Construción	20,11 %	23,06 %	19,40 %	20,21 %
	Servizos	39,12 %	34,97 %	40,30 %	38,97 %
	Totais		100%	100%	100%
Mulleres	Agricultura	7,80 %	33,14 %	0,00 %	8,48 %
	Pesca	2,37 %	6,86 %	20,00 %	2,51 %
	Industria	11,74 %	7,43 %	20,00 %	11,63 %
	Construción	0,25 %	0,00 %	0,00 %	0,25 %
	Servizos	77,83 %	52,57 %	60,00 %	77,13 %
	Totais		100%	100%	100%
Total	Agricultura	6,57 %	20,50 %	8,33 %	7,05 %
	Pesca	3,38 %	7,84 %	13,89 %	3,58 %
	Industria	23,47 %	15,33 %	18,06 %	23,17 %
	Construción	12,36 %	15,86 %	18,06 %	12,50 %
	Servizos	54,21 %	40,46 %	41,67 %	53,70 %
	Totais		100%	100%	100%

Táb.32. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, gravidade e sectores no persoal traballador de 55 anos e maiores.

Gravidade dos accidentes, persoal traballador menor de 55 anos					
Sexo	Sector	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	Agricultura	5,05 %	10,40 %	7,22 %	5,16%
	Pesca	5,71 %	13,34 %	23,20 %	5,90%
	Industria	29,69 %	22,30 %	15,46 %	29,51%
	Construción	19,42 %	24,42 %	18,04 %	19,52%
	Servizos	40,12 %	29,55 %	36,08 %	39,91%
	Totais		100%	100%	100%
Mulleres	Agricultura	2,92 %	16,26 %	0,00 %	3,03%
	Pesca	1,39 %	4,88 %	0,00 %	1,42%
	Industria	15,63 %	12,20 %	37,50 %	15,60%
	Construción	0,40%	0,41 %	12,50 %	0,40%
	Servizos	79,67 %	66,26 %	50,00 %	79,55%
	Totais		100%	100%	100%
Total	Agricultura	4,45 %	11,24 %	6,93 %	4,57%
	Pesca	4,50 %	12,12 %	22,28 %	4,66%
	Industria	25,75 %	20,84 %	16,34 %	25,66%
	Construción	14,10 %	20,96 %	17,82 %	14,22%
	Servizos	51,18 %	34,84 %	36,63 %	50,90%
	Totais		100%	100%	100%

Táb.33. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, gravidade e sectores no persoal traballador de menos de 55 anos.

Provincias

Utilizando a provincia, o sexo e a gravidade dos accidentes como variables, obtéñense as catro táboas seguintes para traballadores de 55 anos e maiores e os menos de 55 anos cos accidentes en xornada laboral nos cinco anos. Nas dúas primeiras destácanse as porcentaxes de graves e mortais segundo superen ou non a porcentaxe de graves e mortais.

Os traballadores de Lugo e Ourense son os de maior porcentaxe de accidentes graves e mortais, mentres que as traballadoras de Lugo son as de maior porcentaxe de graves con diferenza e as de Ourense e Pontevedra as de maior porcentaxe de accidentes mortais. No total do persoal traballador, en Lugo é maior a porcentaxe de accidentes graves e en Lugo e Ourense a porcentaxe de accidentes mortais.

Gravidade segundo provincias, persoal traballador de 55 e máis anos					
Sexo	Provincia	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	A Coruña	95,87 %	3,60 %	0,54 %	100%
	Lugo	94,74 %	4,21 %	1,05 %	100%
	Ourense	94,90 %	4,13 %	0,97 %	100%
	Pontevedra	95,84 %	3,61 %	0,54 %	100%
	Totais		95,62 %	3,73 %	0,65 %
Mulleres	A Coruña	97,28 %	2,65 %	0,07 %	100%
	Lugo	94,81 %	5,19 %	0,00 %	100%
	Ourense	98,29 %	1,58 %	0,13 %	100%
	Pontevedra	97,76 %	2,14 %	0,10 %	100%
	Totais		97,23 %	2,69 %	0,08 %
Total	A Coruña	96,42 %	3,23 %	0,35 %	100%
	Lugo	94,77 %	4,60 %	0,63 %	100%
	Ourense	96,26 %	3,11 %	0,63 %	100%
	Pontevedra	96,54 %	3,08 %	0,38 %	100%
	Totais		96,24 %	3,33 %	0,43 %

Táb.34. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, provincia e gravidade no persoal traballador de 55 anos e maior.

A táboa de accidentes dos traballadores menores de 55 anos mostra resultados distintos á anterior. Salvo A Coruña, nas outras provincias os homes teñen un porcentaxe de accidentes graves maior que o total de Galicia. Nos accidentes mortais, é a provincia de Lugo a de maior porcentaxe. Nas traballadoras, as provincias de Lugo e Pontevedra son as de maior porcentaxe e as da Coruña e Ourense as de maior porcentaxe de mortais. No total de homes e mulleres, é de novo A Coruña a única que ten unha porcentaxe de accidentes graves inferior ao total de Galicia e nos accidentes mortais son Lugo e Ourense as de maior porcentaxe. Como xa se indicou, as porcentaxes de accidentes graves e mortais son menores nos menores de 55 anos.

Gravidade segundo provincias, persoal traballador menor de 55 anos					
Sexo	Provincia	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	A Coruña	98,13 %	1,65 %	0,22 %	100%
	Lugo	97,18 %	2,40 %	0,43 %	100%
	Ourense	97,58 %	2,20 %	0,22 %	100%
	Pontevedra	97,82 %	1,93 %	0,25%	100%
	Totais	97,86 %	1,89 %	0,25%	100%
Mulleres	A Coruña	99,35 %	0,62 %	0,03%	100%
	Lugo	98,37 %	1,63 %	0,00 %	100%
	Ourense	99,17 %	0,70 %	0,13 %	100%
	Pontevedra	99,10 %	0,90 %	0,00%	100%
	Totais	99,15 %	0,83 %	0,03%	100%
Total	A Coruña	98,47 %	1,36 %	0,17 %	100%
	Lugo	97,50 %	2,19 %	0,31 %	100%
	Ourense	98,04 %	1,76 %	0,19%	100%
	Pontevedra	98,17 %	1,65 %	0,18 %	100%
	Totais	98,22 %	1,59 %	0,19%	100%

Táb.35. Porcentaxes de accidentes segundo sexo, provincia e gravidade no persoal traballador de menos de 55 anos.

A táboa da incidencia dos accidentes do persoal traballador de 55 anos ou máis anos é moi similar á das porcentaxes de gravidade de accidentes agás as diferenzas producidas pola maior incidencia da provincia da Coruña e a menor da provincia de Lugo.

Para os traballadores, son as provincias da Coruña e Ourense de maior incidencia e as de Lugo e Ourense as de maior incidencia de mortais. Para as traballadoras, a maior incidencia de accidentes graves dáse nas provincias da Coruña e Lugo e nos accidentes mortais, as provincias de Ourense e Pontevedra. No total de homes e mulleres, a maior incidencia de accidentes graves dáse nas provincias da Coruña e Lugo e nos accidentes mortais en Lugo e Ourense.

Incidencia segundo provincias, persoal traballador de 55 e máis anos					
Sexo	Provincia	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	A Coruña	3.499,93	131,35	19,58	3.650,86
	Lugo	2.808,18	124,81	31,20	2.964,19
	Ourense	3.290,78	143,21	33,52	3.467,50
	Pontevedra	3.451,34	130,08	19,62	3.601,04
	Totais	3.362,50	131,33	22,80	3.516,63
Mulleres	A Coruña	2.234,90	60,94	1,58	2.297,42
	Lugo	1.857,67	101,63	0,00	1.959,30
	Ourense	2.162,35	34,69	2,89	2.199,93
	Pontevedra	2.098,12	46,03	2,14	2.146,29
	Totais	2.129,57	58,99	1,69	2.190,25
Total	A Coruña	2.857,79	95,61	10,44	2.963,84
	Lugo	2.329,29	113,13	15,48	2.457,90
	Ourense	2.711,72	87,52	17,80	2.817,05
	Pontevedra	2.787,02	88,82	11,04	2.886,87
	Totais	2.743,17	94,99	12,19	2.850,35

Táb.36. Incidencia segundo provincias e gravidade no persoal traballador de 55 e máis anos.

En canto aos traballadores menores de 55 anos a única diferenza coa táboa das porcentaxes de accidentes prodúcese coa incidencia dos accidentes nos homes na provincia de Pontevedra por mor da maior incidencia destes traballadores.

Incidencia segundo provincias, persoal traballador menor de 55 anos					
Sexo	Provincia	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	A Coruña	4.717,42	79,52	10,55	4.807,48
	Lugo	4.039,06	99,57	17,72	4.156,35
	Ourense	4.650,78	104,73	10,47	4.765,98
	Pontevedra	4.764,31	94,10	11,96	4.870,37
	Totais	4.647,67	89,53	11,88	4.749,09
Mulleres	A Coruña	1.868,55	11,67	0,57	1.880,79
	Lugo	1.533,87	25,46	0,00	1.559,33
	Ourense	1.966,22	13,86	2,52	1.982,61
	Pontevedra	1.898,53	17,27	0,00	1.915,80
	Totais	1.848,93	15,43	0,50	1.864,86
Total	A Coruña	3.292,06	45,57	5,55	3.343,19
	Lugo	2.797,28	62,83	8,94	2.869,06
	Ourense	3.323,62	59,81	6,54	3.389,98
	Pontevedra	3.373,24	56,81	6,15	3.436,20
	Totais	3.265,09	52,93	6,26	3.324,28

Táb.37. Incidencia segundo provincias e gravidade no persoal traballador de menos de 55 anos.

Forma

A variable Forma indica a forma ou contacto que produciu a lesión do accidente. As primeiras tres táboas mostran as porcentaxes das formas dos accidentes ocorridos en xornada laboral nos cinco anos a estudo en cada grupo de idade, correspondendo a primeira delas aos traballadores, a segunda ás traballadoras e a terceira ao total de ambos. As celas en cor gris son de porcentaxes de moi poucos casos e/ou do valor "Outros...".

Forma	Homes								Total
	Menor de 16 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	65 ou mais anos	
Outros contactos ou Sen información	0,00 %	0,00 %	0,04 %	0,05 %	0,06 %	0,07 %	0,09 %	0,00 %	0,06 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou sustancias perigosas	0,00 %	3,14 %	2,95 %	2,76 %	2,24 %	2,11 %	2,30 %	0,77 %	2,39 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,00 %	0,00 %	0,15 %	0,15 %	0,15 %	0,14 %	0,12 %	0,00 %	0,14 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	75,00 %	24,26 %	22,59 %	21,66 %	22,77 %	26,12 %	29,57 %	39,23 %	24,14 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	0,00 %	28,38 %	26,07 %	20,86 %	18,72 %	18,61 %	18,18 %	19,23 %	19,62 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	0,00 %	14,36 %	16,33 %	13,07 %	10,20 %	8,86 %	8,28 %	10,00 %	10,72 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	25,00 %	6,11 %	6,50 %	5,53 %	5,11 %	5,51 %	5,61 %	3,85 %	5,45 %
Trauma psíquico, exposición a radiacións	0,00 %	0,66 %	0,75 %	0,71 %	0,74 %	0,59 %	0,48 %	0,77 %	0,67 %
Sobreesforzo físico	0,00 %	21,78 %	23,62 %	34,35 %	38,74 %	35,96 %	32,95 %	16,92 %	35,33 %
Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)	0,00 %	1,32 %	1,00 %	0,84 %	1,03 %	1,22 %	1,12 %	3,85 %	1,05 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,04 %	0,24 %	0,80 %	1,30 %	5,38 %	0,44 %
Total	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %

Táb.38. Porcentaxes dos accidentes segundo forma de contacto e grupo de idade nos homes.

Na táboa anterior dos traballadores e nas seguintes, as celas con cor que indican que a porcentaxe do grupo é inferior ou superior ao total no valor da variable forma correspondente. Sendo o grupo de idade de 35 a 44 anos o que destaca en menos aspectos da variable.

Nos traballadores de 55 a 64 anos as porcentaxes máis salientables son:

- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (caídas ou golpes)*, 29,57% fronte ao 24,14%.
- *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación*, 5,61% fronte ao 5,45%.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, 1,12% fronte ao 1,05%.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, 1,30% fronte ao 0,44%.

Nos traballadores de 65 ou máis anos:

- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (caídas ou golpes)*, 39,23% fronte ao 24,14%.
- *Trauma psíquico, exposición a radiacións*, 0,77% fronte ao 0,67%.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, 3,85% fronte ao 1,05%.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, 5,38% fronte ao 0,44%.

Na táboa seguinte indícanse as porcentaxes dos accidentes segundo a Forma ou contacto que produciu a lesión nos diferentes grupos de idade das traballadoras.

Mulleres									
Forma	Menor de 16 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	65 ou mais anos	Total
Outros contactos ou Sen información	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,04 %	0,03 %	0,06 %	0,14 %	0,00 %	0,06 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou sustancias perigosas	0,00 %	3,68 %	5,69 %	3,43 %	2,87 %	2,81 %	2,58 %	1,41 %	3,02 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,01 %	0,05 %	0,05 %	0,09 %	0,00 %	0,05 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	0,00 %	31,90 %	27,74 %	24,86 %	25,98 %	32,97 %	44,84 %	58,45 %	31,37 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	0,00 %	12,27 %	12,22 %	11,36 %	10,48 %	9,32 %	7,82 %	5,63 %	9,90 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	0,00 %	16,56 %	14,26 %	10,80 %	8,87 %	6,57 %	4,91 %	4,93 %	8,10 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	0,00 %	5,52 %	3,58 %	3,44 %	3,29 %	3,47 %	3,54 %	2,82 %	3,44 %
Trauma psíquico, exposición a radiacións	0,00 %	0,61 %	0,56 %	0,56 %	0,60 %	0,84 %	0,88 %	0,00 %	0,71 %
Sobreesforzo físico	100,00 %	27,61 %	34,41 %	43,73 %	45,80 %	41,56 %	31,72 %	23,94 %	41,06 %
Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)	0,00 %	1,84 %	1,54 %	1,64 %	1,93 %	2,04 %	2,64 %	2,11 %	2,02 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,13 %	0,10 %	0,33 %	0,83 %	0,70 %	0,30 %
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb.39. Porcentaxes dos accidentes segundo forma de contacto e grupo de idade nas mulleres.

Nas traballadoras de 55 a 64 anos as porcentaxes máis salientables son:

- *Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto*, 0,09% fronte ao 0,05%.
- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (caídas ou golpes)*, 44,84% fronte ao 31,37%.
- *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación*, 3,54% fronte ao 3,44%.
- *Trauma psíquico, exposición a radiacións*, 0,88% fronte ao 0,71%.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, 2,64% fronte ao 2,02%.

- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, 0,83% fronte 0,30%.

Nas traballadoras de 65 anos e maiores as porcentaxes máis salientables son:

- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (caídas ou golpes)*, 58,45% fronte ao 31,37%.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, 2,11% fronte ao 2,02%.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, 0,70% fronte ao 0,30%

A táboa seguinte expón as porcentaxes do total de homes e mulleres.

Forma	Total								Total
	Menor de 16 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	65 ou mais anos	
Outros contactos ou Sen información	0,00 %	0,00 %	0,03 %	0,05 %	0,05 %	0,06 %	0,11 %	0,00 %	0,06 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou sustancias perigosas	0,00 %	3,25 %	3,59 %	2,92 %	2,41 %	2,35 %	2,41 %	1,10 %	2,57 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,00 %	0,00 %	0,11 %	0,12 %	0,12 %	0,11 %	0,11 %	0,00 %	0,12 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	60,00 %	25,88 %	23,79 %	22,43 %	23,63 %	28,39 %	35,43 %	49,26 %	26,25 %
	0,00 %	24,97 %	22,84 %	18,57 %	16,52 %	15,53 %	14,20 %	12,13 %	16,78 %
	0,00 %	14,82 %	15,84 %	12,52 %	9,85 %	8,10 %	6,99 %	7,35 %	9,95 %
	20,00 %	5,98 %	5,82 %	5,02 %	4,62 %	4,83 %	4,82 %	3,31 %	4,86 %
	0,00 %	0,65 %	0,70 %	0,67 %	0,70 %	0,67 %	0,63 %	0,37 %	0,68 %
Sobreesforzo físico	20,00 %	23,02 %	26,13 %	36,61 %	40,62 %	37,81 %	32,48 %	20,59 %	37,00 %
Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)	0,00 %	1,43 %	1,13 %	1,03 %	1,27 %	1,49 %	1,70 %	2,94 %	1,33 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,06 %	0,20 %	0,64 %	1,12 %	2,94 %	0,40 %
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táb.40. Porcentaxes dos accidentes segundo forma de contacto e grupo de idade no persoal traballador.

No persoal traballador de 55 a 64 anos as porcentaxes máis destacábeis son:

- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (caídas ou golpes)*, 35,43% fronte ao 26,25%.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, 1,70% fronte ao 1,33%.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, 1,12% fronte ao 0,40%.

No persoal traballador de 65 anos e maiores as porcentaxes máis destacábeis son:

- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (caídas ou golpes)*, 49,26% fronte ao 26,25%.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, 2,94% fronte ao 1,33%.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, 2,94% fronte ao 0,40%.

Nas seis táboas a continuación detállanse as porcentaxes das Formas ou contactos que produciron a lesión e a gravidade das mesmas en homes, mulleres e total de ambos nos dous grupos de idade: o persoal traballador de 55 ou máis anos e os menores de 55 anos.

Na táboa dos traballadores de 55 anos ou maiores, pódense destacar as porcentaxes seguintes:

- *Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas*, con porcentaxes superiores de accidentes graves e mortais aos de menos de 55 anos.
- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (Caídas ou choques)*, cunha porcentaxe de accidentes graves superior aos de menos de 55 anos.
- *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación*, con porcentaxes salientables de gravidade.
- *Trauma psíquico, exposición a radiacións*, cunha porcentaxe de accidentes graves que aínda sendo pequena e moi superior aos traballadores de menos de 55 anos.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, con porcentaxes superiores de accidentes graves e mortais aos de menos de 55 anos.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, con porcentaxes moi superiores de accidentes graves e mortais aos traballadores de menos de 55 anos.

Homes de 55 e maiores Forma	Gravidade			Total
	Leves	Graves	Mortais	
Outros contactos ou Sen información	0,09 %	0,00 %	0,00 %	0,09 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas	2,11 %	5,70 %	7,46 %	2,28 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,05 %	0,26 %	8,96 %	0,12 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	29,48 %	37,31 %	16,42 %	29,69 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	18,28 %	17,10 %	10,45 %	18,19 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	8,45 %	5,96 %	0,00 %	8,30 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	5,28 %	12,44 %	11,94 %	5,59 %
	0,49 %	0,52 %	0,00 %	0,48 %
Sobreesforzo físico	34,07 %	4,66 %	0,00 %	32,75 %
	1,14 %	1,30 %	1,49 %	1,15 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,55 %	14,77 %	43,28 %	1,35 %
Total	100%	100%	100%	100%

Táb.41. Porcentaxes de accidentes segundo a forma de contacto e a gravidade nos homes de 55 anos e maiores.

Homes de menos de 55 anos Forma	Gravidade			Total
	Leves	Graves	Mortais	
Outros contactos ou Sen información	0,05 %	0,21 %	1,55 %	0,06 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas	2,37 %	3,90 %	3,61 %	2,40 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,11 %	0,21 %	12,89 %	0,15 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	23,22 %	33,99 %	13,40 %	23,40 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	19,67 %	26,40 %	24,23 %	19,81 %
	11,12 %	7,93 %	1,55 %	11,04 %
	5,20 %	16,14 %	15,46 %	5,43 %
	0,70 %	0,07 %	0,52 %	0,69 %
Sobreesforzo físico	36,38 %	3,49 %	0,00 %	35,67 %
	1,03 %	1,09 %	0,00 %	1,03 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,13 %	6,57 %	26,80 %	0,32 %
Total	100%	100%	100%	100%

Táb.42. Porcentaxes de accidentes segundo a forma de contacto e a gravidade nos homes de menos de 55 anos.

En canto ás traballadoras de 55 anos ou maiores destácanse as seguintes porcentaxes:

- *Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto e Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con*, importantes por ser formas en que se produciron lesións mortais e de maiores porcentaxes que nas traballadoras máis novas.
- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (Caídas ou golpes)*, que supoñen máis da metade dos accidentes graves destas traballadoras, e superior a porcentaxe das máis mozas.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, cunha porcentaxe salientable de accidentes graves.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, con porcentaxes superiores de accidentes graves e moi superiores de mortais ás traballadoras máis mozas.

Mulleres de 55 anos e maiores Forma	Gravidade			Total
	Leves	Graves	Mortais	
Outros contactos ou Sen información	0,11 %	1,14 %	0,00 %	0,14 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas	2,56 %	2,29 %	0,00 %	2,55 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,08 %	0,00 %	20,00 %	0,09 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	44,82 %	57,71 %	0,00 %	45,14 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	7,82 %	5,71 %	20,00 %	7,77 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	4,94 %	4,00 %	0,00 %	4,91 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	3,37 %	9,14 %	0,00 %	3,52 %
	0,89 %	0,00 %	0,00 %	0,86 %
Sobreesforzo físico	32,32 %	4,57 %	0,00 %	31,55 %
	2,60 %	4,00 %	0,00 %	2,63 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,49 %	11,43 %	60,00 %	0,83 %

Táb.43. Porcentaxes de accidentes segundo a forma de contacto e a gravidade nas mulleres de 55 anos e maiores.

Mulleres de menos de 55 anos Forma	Gravidade			Total
	Leves	Graves	Mortais	
Outros contactos ou Sen información	0,04 %	0,41 %	0,00 %	0,04 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas	3,11 %	4,07 %	12,50 %	3,12 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,04 %	0,00 %	0,00 %	0,04 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	28,25 %	41,06 %	12,50 %	28,36 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	10,37 %	8,94 %	12,50 %	10,36 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	8,82 %	5,69 %	0,00 %	8,79 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	3,33 %	13,41 %	12,50 %	3,42 %
Trauma psíquico, exposición a radiacións	0,68 %	0,41 %	0,00 %	0,68 %
Sobreesforzo físico	43,42 %	11,38 %	0,00 %	43,14 %
Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)	1,86 %	3,66 %	12,50 %	1,88 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,08 %	10,98 %	37,50 %	0,18 %
Total	100%	100%	100%	100%

Táb.44. Porcentaxes de accidentes segundo a forma de contacto e a gravidade nas mulleres de menos de 55 anos.

No total de homes e mulleres accidentados, as porcentaxes máis destacables dos que teñen 55 anos ou máis son as seguintes:

- *Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas*, con porcentaxes superiores de accidentes graves e mortais ao persoal de menos de 55 anos.
- *Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto*, cunha porcentaxe salientable nos accidentes mortais.
- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil (Caídas ou choques)*, cunha porcentaxe de accidentes graves superior ao persoal de menos de 55 anos.
- *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación*, cunhas porcentaxes salientables de accidentes graves e mortais.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, con porcentaxes superiores de accidentes graves ao persoal de menos de 55 anos.
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, con porcentaxes moi superiores de accidentes graves e mortais ao persoal máis novo.

Persoal de 55 e máis anos	Gravidade			Total
	Leves	Graves	Mortais	
Outros contactos ou Sen información	0,10 %	0,36 %	0,00 %	0,11 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas	2,29 %	4,63 %	6,94 %	2,39 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,06 %	0,18 %	9,72 %	0,11 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	35,47 %	43,67 %	15,28 %	35,65 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	14,20 %	13,55 %	11,11 %	14,17 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	7,08 %	5,35 %	0,00 %	6,99 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	4,54 %	11,41 %	11,11 %	4,79 %
Trauma psíquico, exposición a radiacións	0,64 %	0,36 %	0,00 %	0,63 %
Sobreesforzo físico	33,39 %	4,63 %	0,00 %	32,29 %
Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)	1,71 %	2,14 %	1,39 %	1,72 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,52 %	13,73 %	44,44 %	1,15 %
Total	100%	100%	100%	100%

Táb.45. Porcentaxes de accidentes segundo a forma de contacto e a gravidade no persoal traballador de 55 anos e maior.

Persoal de menos de 55 anos	Gravidade			Total
	Leves	Graves	Mortais	
Outros contactos ou Sen información	0,05 %	0,23 %	1,49 %	0,05 %
Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou substancias perigosas	2,58 %	3,92 %	3,96 %	2,60 %
Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto	0,09 %	0,18 %	12,38 %	0,12 %
Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil	24,63 %	35,01 %	13,37 %	24,77 %
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con	17,07 %	23,89 %	23,76 %	17,19 %
Contacto con axente material cortante, punzante, duro, rugoso	10,48 %	7,61 %	1,49 %	10,42 %
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	4,68 %	15,75 %	15,35 %	4,87 %
Trauma psíquico, exposición a radiacións	0,70 %	0,12 %	0,50 %	0,69 %
Sobreesforzo físico	38,35 %	4,63 %	0,00 %	37,74 %
Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)	1,27 %	1,46 %	0,50 %	1,27 %
Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,12 %	7,20 %	27,23 %	0,28 %
Total	100%	100%	100%	100%

Táb.46. Porcentaxes de accidentes segundo a forma de contacto e a gravidade no persoal traballador de menos de 55 anos.

Lesión

A variable Lesión indica a natureza do dano sufrido polo accidentado. As primeiras tres táboas mostran as porcentaxes das lesións acontecidas en xornada laboral nos cinco anos a estudo en cada grupo de idade, correspondendo a primeira delas aos traballadores, a segunda ás traballadoras e a terceira ao total de ambos. As celas en cor gris son de porcentaxes de moi poucos casos e/ou do valor "Descoñecida ou de outro tipo".

Nos homes de 55 a 64 anos as porcentaxes máis salientables son:

- Fracturas de ósos, 12,09% fronte ao 9,78% no total das lesións.
- Amputacións traumáticas, 0,77% fronte ao 0,58% no total.
- Conmocións e lesións internas, 1,97% fronte ao 1,70% no total.
- Afogamentos e asfixias, 0,10% fronte ao 0,08% no total.
- Danos psicolóxicos e choques traumáticos, 0,13% fronte ao 0,11% no total.
- Lesións múltiples, 1,50% fronte ao 1,11% no total.
- Infartos, derramos e outras patoloxías, 1,30% fronte ao 0,44% no total.

Nos homes de 65 e máis anos as porcentaxes máis salientables son:

- Lesións superficiais e feridas abertas, 35,38% fronte ao 31,59% no total das lesións.
- Fracturas de ósos, 13,85% fronte ao 9,78% no total.
- Conmocións e lesións internas, 3,08% fronte ao 1,70% no total.
- Ambiente térmico, 0,77% fronte ao 0,18% no total.
- Lesións múltiples, 1,54% fronte ao 1,11% no total.
- Infartos, derramos e outras patoloxías, 5,38% fronte ao 0,44% no total.

Lesión	Homes								Total
	Menor de 16 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	65 ou mais anos	
Lesión descoñecida ou de outro tipo	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,03 %	0,05 %	0,05 %	0,03 %	0,00 %	0,04 %
Lesións superficiais e feridas abertas	75,00 %	39,60 %	41,31 %	34,03 %	29,61 %	29,60 %	31,11 %	35,38 %	31,59 %
Fracturas de ósos	0,00 %	8,58 %	9,19 %	8,28 %	9,21 %	11,08 %	12,09 %	13,85 %	9,78 %
Torceduras, escordaduras e distensións	25,00 %	45,38 %	43,17 %	51,93 %	55,57 %	52,93 %	49,15 %	40,00 %	52,51 %
Amputacións traumáticas	0,00 %	0,83 %	0,53 %	0,53 %	0,55 %	0,57 %	0,77 %	0,00 %	0,58 %
	0,00 %	1,16 %	1,45 %	1,54 %	1,64 %	1,87 %	1,97 %	3,08 %	1,70 %
	0,00 %	2,15 %	2,12 %	1,95 %	1,57 %	1,39 %	1,64 %	0,00 %	1,66 %
Envenenamentos e infeccións	0,00 %	0,00 %	0,15 %	0,20 %	0,20 %	0,19 %	0,15 %	0,00 %	0,19 %
Afogamentos e asfixias	0,00 %	0,17 %	0,02 %	0,07 %	0,07 %	0,10 %	0,10 %	0,00 %	0,08 %
Efectos do ruído, vibracións e presión	0,00 %	0,00 %	0,09 %	0,04 %	0,06 %	0,03 %	0,01 %	0,00 %	0,04 %
Ambiente térmico	0,00 %	0,00 %	0,34 %	0,25 %	0,20 %	0,12 %	0,06 %	0,77 %	0,18 %
Danos psicolóxicos e choques traumáticos	0,00 %	0,00 %	0,04 %	0,13 %	0,10 %	0,12 %	0,13 %	0,00 %	0,11 %
Lesións múltiples	0,00 %	2,15 %	1,58 %	0,99 %	0,91 %	1,16 %	1,50 %	1,54 %	1,11 %
Infartos, derramos e outras patoloxías	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,04 %	0,25 %	0,79 %	1,30 %	5,38 %	0,44 %
Total	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %	100 %

Táb.47. Porcentaxes dos accidentes segundo lesión e grupo de idade nos homes.

A táboa seguinte mostra as porcentaxes das lesións nas traballadoras. Nas mulleres de 55 a 64 anos, as porcentaxes que están por riba do conxunto das traballadoras accidentadas son:

- Fracturas de ósos, 13,67% fronte ao 7,64% no total.
- Amputacións traumáticas, 0,19% fronte ao 0,17% no total.

- Afogamentos e asfixias, 0,11% fronte ao 0,07% no total.
- Efectos do ruído, vibracións e presión, 0,06% fronte ao 0,04% no total.
- Danos psicolóxicos e choques traumáticos 0,35% fronte ao 0,25% no total.
- Lesións múltiples, 1,48% fronte ao 0,90% no total.
- Infartos, derramos e outras patoloxías, 0,88% fronte ao 0,33% no total.

Nas mulleres de máis de 65 anos, as porcentaxes que están por riba do conxunto das traballadoras accidentadas son:

- Lesións superficiais, 25,35% fronte ao 23,55% no total.
- Fracturas de ósos, 18,31% fronte ao 7,64% no total.
- Amputacións traumáticas, 0,70% fronte 0,17% no total.
841	1.433	25	3	1.461	8,68 %	8,68 %
861	1.178	56	1	1.235	7,34 %	16,02 %
412	910	50	5	965	5,73 %	21,75 %
812	734	9	0	743	4,41 %	26,16 %
301	578	9	1	588	3,49 %	29,65 %
102	500	5	0	505	3,00 %	32,65 %
494	471	18	9	498	2,96 %	35,61 %
31	450	30	9	489	2,90 %	38,52 %
14	440	34	2	476	2,83 %	41,34 %
15	348	61	0	409	2,43 %	43,77 %
432	362	11	0	373	2,22 %	45,99 %
452	353	12	2	367	2,18 %	48,17 %
471	349	1	1	351	2,09 %	50,26 %
862	316	19	0	335	1,99 %	52,25 %
439	272	4	2	278	1,65 %	53,90 %
251	258	9	0	267	1,59 %	55,48 %
463	203	9	2	214	1,27 %	56,75 %
467	177	7	2	186	1,10 %	57,86 %
881	175	3	0	178	1,06 %	58,92 %
522	174	0	2	176	1,05 %	59,96 %
970	152	16	0	168	1,00 %	60,96 %
561	164	3	0	167	0,99 %	61,95 %
433	155	9	2	166	0,99 %	62,94 %
873	166	0	0	166	0,99 %	63,92 %
331	159	3	0	162	0,96 %	64,89 %
237	151	2	1	154	0,91 %	65,80 %
563	150	3	0	153	0,91 %	66,71 %
161	139	9	0	148	0,88 %	67,59 %
162	142	2	1	145	0,86 %	68,45 %
842	142	2	0	144	0,86 %	69,31 %
431	131	7	2	140	0,83 %	70,14 %
101	125	0	1	126	0,75 %	70,89 %
531	121	3	1	125	0,74 %	71,63 %
381	118	2	0	120	0,71 %	72,34 %
107	114	2	0	116	0,69 %	73,03 %
493	112	3	0	115	0,68 %	73,71 %
32	98	14	1	113	0,67 %	74,39 %
551	108	0	0	108	0,64 %	75,03 %
871	108	0	0	108	0,64 %	75,67 %
421	98	6	2	106	0,63 %	76,30 %
889	95	0	1	96	0,57 %	76,87 %
960	93	3	0	96	0,57 %	77,44 %
477	94	1	0	95	0,56 %	78,00 %

475	90	2	0	92	0,55 %	78,55 %
81	80	5	2	87	0,52 %	79,07 %
24	73	3	0	76	0,45 %	79,52 %
222	75	1	0	76	0,45 %	79,97 %
292	75	1	0	76	0,45 %	80,42 %

Táb. 98. Percentaxes dos CNAE a tres díxitos das empresas do persoal traballador accidentado de 55 e máis anos.

Persoal Traballador (de menos de 55 anos)						
CNAE	Leves	Graves	Mortais	Total	Percentaxe do total	Acumul. Total
412	4.869	138	11	5.018	4,68 %	4,68 %
841	4.947	39	1	4.987	4,65 %	9,33 %
471	4.909	10	0	4.919	4,59 %	13,91 %
31	4.242	179	41	4.462	4,16 %	18,07 %
432	3.917	71	9	3.997	3,73 %	21,80 %
494	2.932	81	34	3.047	2,84 %	24,64 %
102	2.703	14	1	2.718	2,53 %	27,17 %
563	2.644	18	1	2.663	2,48 %	29,65 %
782	2.578	19	1	2.598	2,42 %	32,07 %
251	2.516	38	2	2.556	2,38 %	34,46 %
861	2.397	67	1	2.465	2,30 %	36,76 %
812	2.440	16	1	2.457	2,29 %	39,05 %
439	2.238	57	5	2.300	2,14 %	41,19 %
463	2.136	17	3	2.156	2,01 %	43,20 %
301	2.067	21	0	2.088	1,95 %	45,15 %
561	2.012	19	1	2.032	1,89 %	47,04 %
433	1.871	40	1	1.912	1,78 %	48,82 %
452	1.805	21	0	1.826	1,70 %	50,52 %
521	1.596	8	0	1.604	1,50 %	52,02 %
522	1.542	20	5	1.567	1,46 %	53,48 %
331	1.437	14	1	1.452	1,35 %	54,83 %
467	1.342	35	4	1.381	1,29 %	56,12 %
237	1.314	17	4	1.335	1,24 %	57,37 %
14	1.225	56	3	1.284	1,20 %	58,56 %
24	1.198	32	3	1.233	1,15 %	59,71 %
873	1.187	1	0	1.188	1,11 %	60,82 %
162	1.136	28	1	1.165	1,09 %	61,91 %
101	1.102	10	2	1.114	1,04 %	62,94 %
881	1.097	5	0	1.102	1,03 %	63,97 %
477	994	7	0	1.001	0,93 %	64,90 %
293	980	4	0	984	0,92 %	65,82 %
381	946	12	0	958	0,89 %	66,71 %
107	933	5	1	939	0,88 %	67,59 %
161	896	22	2	920	0,86 %	68,45 %

931	825	4	0	829	0,77 %	69,22 %
421	759	19	3	781	0,73 %	69,95 %
960	775	5	1	781	0,73 %	70,68 %
472	760	12	0	772	0,72 %	71,40 %
431	730	25	4	759	0,71 %	72,10 %
141	733	4	1	738	0,69 %	72,79 %
15	657	49	1	707	0,66 %	73,45 %
256	672	13	1	686	0,64 %	74,09 %
475	672	8	0	680	0,63 %	74,72 %
22	635	25	5	665	0,62 %	75,34 %
310	646	14	0	660	0,62 %	75,96 %
551	648	7	0	655	0,61 %	76,57 %
562	588	3	1	592	0,55 %	77,12 %
222	571	7	0	578	0,54 %	77,66 %
81	557	15	4	576	0,54 %	78,20 %
842	561	11	0	572	0,53 %	78,73 %
801	538	3	4	545	0,51 %	79,24 %
829	542	2	0	544	0,51 %	79,74 %
289	541	3	0	544	0,51 %	80,25 %
32	503	28	4	535	0,50 %	80,75 %

Táb. 99. Porcentaxes dos CNAE a tres díxitos das empresas do persoal traballador accidentado de menos de 55 anos.

CNAE (da empresa) por Seccións

De xeito parecido aos códigos de tres díxitos faise nas táboas coas seccións do CNAE. Nas táboas correspondentes aos traballadores de 55 ou máis anos de idade destácanse en cor amarela aquelas en que a porcentaxe de accidentes aumentou en relación cos traballadores máis novos e en verde nas que diminuíu. Indícanse a continuación tanto para homes, mulleres e o conxunto de ambos, aquelas en o aumento ou diminución é máis importante de xeito porcentual. Engádense dúas táboas ao final da sección onde se poden observar as seccións de actividade e as súas porcentaxes de accidentes tanto para homes como para mulleres de todos os grupos de idade. Isto permite comprobar as seccións de actividade en que os accidentados son de maior idade. Se nos homes as seccións con maior porcentaxe de accidentados de maior idade teñen unha importancia porcentual moi pequena no total da accidentalidade, nas mulleres a importancia é moito maior con sección de maior porcentaxe de accidentes.

Na táboa dos homes

- Seccións nas que as porcentaxes de accidentados aumentan en relación coa táboa dos menores de 55 anos: D-Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (0,51% vs. 0,16%), E-Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación (2,17% vs. 1,78%), K-Actividades financeiras e de seguros (0,15% vs. 0,11%), O-Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (7,91% vs. 4,31%), P-Educación (0,38% vs. 0,29%), Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais (3,13% vs. 1,43%), T-Actividades dos fogares coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio (0,07% vs. 0,03%).
- Seccións nas que as porcentaxes de accidentados diminúen en relación coa táboa dos menores de 55 anos: I-Hostalería (1,30% vs. 3,36%), J-Información e comunicacións (0,30% vs. 0,37%), M-Actividades profesionais, científicas e técnicas (0,66% vs. 1,13%), N-Actividades administrativas e servizos auxiliares (2,88% vs. 5,72%), R-Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (0,57% vs. 1,09%).

Na táboa das mulleres

- Seccións nas que as porcentaxes de accidentadas aumentan en relación coa táboa das menores de 55 anos: A-Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (10,99% vs. 4,45%), O-Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (13,11% vs. 7,91%), P-Educación (2,59% vs. 2,08%), Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais (29,26% vs. 19,14%), T-Actividades dos fogares coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio (2,48% vs. 1,04%).
- Seccións nas que as porcentaxes de accidentadas diminúen en relación coa táboa das menores de 55 anos: C-Industria manufactureira (11,23% vs. 14,96%), E-Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación (0,37% vs. 0,60%), F-Construción (0,25% vs. 0,40%), G-Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (7,36% vs. 19,24%), H-Transporte e almacenamento (2,19% vs. 3,11%), I-Hostalería (5,85% vs. 11,54%), J-Información e comunicacións (0,15% vs. 0,37%), M-Actividades profesionais, científicas e técnicas (0,51% vs. 1,37%), R-Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (0,43% vs. 1,00%), S-Outros servizos (1,31% vs. 1,94%).

Táboa do total do persoal

- Seccións nas que as porcentaxes de accidentados aumentan en relación coa táboa dos menores de 55 anos: D-Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (0,31% vs. 0,12%), O-Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (9,92% vs. 5,31%), P-Educación (1,23% vs. 0,79%), Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais (13,22% vs. 6,34%), T-Actividades dos fogares coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio (1,00% vs. 0,31%).
- Seccións nas que as porcentaxes de accidentados diminúen en relación coa táboa dos menores de 55 anos: G-Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (10,18% vs. 14,43%), I-Hostalería (3,05% vs. 5,63%), J-Información e comunicacións (0,24% vs. 0,37%), M-Actividades profesionais, científicas e técnicas (0,60% vs. 1,20%), R-Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (0,52% vs. 1,06%).

Táboas de todos os grupos de idade

- Dentro da táboa dos homes, as seccións que poden ser destacadas desde o punto de vista de indicar unha maior sinistralidade dos traballadores maiores e de ao mesmo tempo ser seccións cunha porcentaxe importante de accidentes son: A-Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (10,98% dos accidentes cun 29,61% dos traballadores de 45 a 54 anos), D-Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (0,20% dos accidentes pero cun 29,44% dos accidentados entre os 55 e 64 anos), H-Transporte e almacenamento (8,67% dos accidentes cun 28,46% dos traballadores de 45 a 54 anos), O-Administración Pública e defensa (4,73% dos accidentes cun 19,44% dos traballadores de 55 a 64 anos) e Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais (1,63% dos accidentes cun 22,42% dos accidentados de 55 a 64 anos).
- Dentro da táboa das mulleres, as seccións que poden ser destacadas desde o punto de vista de indicar unha maior sinistralidade dos traballadores maiores e de ao mesmo tempo ser seccións cunha porcentaxe importante de accidentes son: A-Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (5,62% das accidentadas cun 34,28%

das traballadoras entre os 55 a 64 anos), N-Actividades administrativas e servizos auxiliares (10,58% das accidentadas cun 18,84% entre os 55 a 64 anos), O-Administración Pública e defensa (8,85% das accidentadas cun 25,87% das traballadoras entre os 55 e 64 anos), Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais (20,95% das accidentadas cun 24,73% entre os 55 e 64 anos) e T-Actividades dos fogares coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio (1,30% das accidentadas cun 32,77% entre os 55 e 64 anos).

HOMES (de 55 ou máis anos)					
Seccións	Gravidade			Total	%
	Leves	Graves	Mortais		
A	970	89	15	1.074	10,39
B	86	5	2	93	0,90
C	2.708	58	9	2.775	26,85
D	47	5	1	53	0,51
E	219	5	0	224	2,17
F	1.987	89	13	2.089	20,21
G	1.187	41	7	1.235	11,95
H	879	27	14	920	8,90
I	131	3	0	134	1,30
J	30	0	1	31	0,30
K	16	0	0	16	0,15
L	9	0	0	9	0,09
M	67	0	1	68	0,66
N	289	9	0	298	2,88
O	796	20	2	818	7,91
P	39	0	0	39	0,38
Q	292	31	1	324	3,13
R	57	1	1	59	0,57
S	67	3	0	70	0,68
T	7	0	0	7	0,07
Total	9.883	386	67	10.336	100

Táb. 100. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas dos traballadores accidentados de 55 e máis anos.

HOMES (menores de 55 anos)					
Seccións	Gravidade			Total	%
	Leves	Graves	Mortais		
A	8.169	347	59	8.575	11,06
B	606	15	4	625	0,81
C	20.437	290	24	20.751	26,76
D	122	4	1	127	0,16
E	1.366	17	1	1.384	1,78
F	14.742	357	35	15.134	19,52
G	9.644	111	9	9.764	12,59
H	6.520	137	44	6.701	8,64
I	2.575	28	2	2.605	3,36
J	285	4	0	289	0,37
K	82	1	1	84	0,11
L	56	3	0	59	0,08
M	865	13	1	879	1,13
N	4.386	44	8	4.438	5,72
O	3.298	39	2	3.339	4,31
P	222	3	1	226	0,29
Q	1.076	35	1	1.112	1,43
R	836	8	1	845	1,09
S	581	6	0	587	0,76
T	22	0	0	22	0,03
U	2	0	0	2	0,00
Total	75.892	1.462	194	77.548	100

Táb. 101. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas dos traballadores accidentados de menos de 55 anos.

MULLERES (de 55 ou máis anos)					
Seccións	Gravidade			Total	%
	Leves	Graves	Mortais		
A	643	70	1	714	10,99
B	2	0	0	2	0,03
C	716	13	1	730	11,23
E	24	0	0	24	0,37
F	16	0	0	16	0,25
G	474	3	1	478	7,36
H	141	1	0	142	2,19
I	377	3	0	380	5,85
J	10	0	0	10	0,15
K	17	1	0	18	0,28
L	6	0	0	6	0,09
M	33	0	0	33	0,51
N	743	7	0	750	11,54
O	841	10	1	852	13,11
P	166	2	0	168	2,59
Q	1.853	47	1	1.901	29,26
R	28	0	0	28	0,43
S	83	2	0	85	1,31
T	145	16	0	161	2,48
Total	6.318	175	5	6.498	100

Táb. 102. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas das traballadoras accidentadas de 55 e máis anos.

MULLERES (de menos de 55 anos)					
Seccións	Gravidade			Total	%
	Leves	Graves	Mortais		
A	1.270	52	0	1.322	4,45
B	11	1	0	12	0,04
C	4.416	28	3	4.447	14,96
D	2	0	0	2	0,01
E	177	1	0	178	0,60
F	117	1	1	119	0,40
G	5.698	22	0	5.720	19,24
H	922	2	1	925	3,11
I	3.410	20	1	3.431	11,54
J	108	1	0	109	0,37
K	99	2	0	101	0,34
L	27	1	0	28	0,09
M	403	4	1	408	1,37
N	3.074	8	0	3.082	10,37
O	2.341	12	0	2.353	7,91
P	616	3	0	619	2,08
Q	5.628	61	0	5.689	19,14
R	296	0	0	296	1,00
S	572	4	1	577	1,94
T	286	23	0	309	1,04
U	2	0	0	2	0,01
Total	29.475	246	8	29.729	100

Táb. 103. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas das traballadoras accidentadas de menos de 55 anos.

PERSOAL TRABALLADOR (de 55 ou máis anos)					
Seccións	Gravidade			Total	%
	Leves	Graves	Mortais		
A	1.613	159	16	1.788	10,62
B	88	5	2	95	0,56
C	3.424	71	10	3.505	20,82
D	47	5	1	53	0,31
E	243	5	0	248	1,47
F	2.003	89	13	2.105	12,50
G	1.661	44	8	1.713	10,18
H	1.020	28	14	1.062	6,31
I	508	6	0	514	3,05
J	40	0	1	41	0,24
K	33	1	0	34	0,20
L	15	0	0	15	0,09
M	100	0	1	101	0,60
N	1.032	16	0	1.048	6,23
O	1.637	30	3	1.670	9,92
P	205	2	0	207	1,23
Q	2.145	78	2	2.225	13,22
R	85	1	1	87	0,52
S	150	5	0	155	0,92
T	152	16	0	168	1,00
Total	16.201	561	72	16.834	100

Táb. 104. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas do persoal traballador accidentado de 55 anos e máis.

PERSOAL TRABALLADOR (de menos de 55 anos)					
Seccións	Gravidade			Total	%
	Leves	Graves	Mortais		
A	9.439	399	59	9.897	9,23
B	617	16	4	637	0,59
C	24.853	318	27	25.198	23,49
D	124	4	1	129	0,12
E	1.543	18	1	1.562	1,46
F	14.859	358	36	15.253	14,22
G	15.342	133	9	15.484	14,43
H	7.442	139	45	7.626	7,11
I	5.985	48	3	6.036	5,63
J	393	5	0	398	0,37
K	181	3	1	185	0,17
L	83	4	0	87	0,08
M	1.268	17	2	1.287	1,20
N	7.460	52	8	7.520	7,01
O	5.639	51	2	5.692	5,31
P	838	6	1	845	0,79
Q	6.704	96	1	6.801	6,34
R	1.132	8	1	1.141	1,06
S	1.153	10	1	1.164	1,09
T	308	23	0	331	0,31
U	4	0	0	4	0,00
Total	105.367	1.708	202	107.277	100

Táb. 105. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas do persoal traballador accidentado de menos de 55 anos.

Seccións	Menor de 16 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	65 ou mais anos	TOTAL	% HOMES
A	0,00 %	1,17 %	6,29 %	21,70 %	30,10 %	29,61 %	11,02 %	0,11 %	100%	10,98 %
B	0,00 %	0,00 %	4,04 %	22,98 %	31,48 %	28,55 %	12,81 %	0,14 %	100%	0,82 %
C	0,00 %	0,55 %	4,62 %	26,33 %	34,17 %	22,54 %	11,70 %	0,10 %	100%	26,77 %
D	0,00 %	0,00 %	2,78 %	17,78 %	25,56 %	24,44 %	29,44 %	0,00 %	100%	0,20 %
E	0,00 %	0,12 %	2,61 %	16,92 %	31,03 %	35,39 %	13,56 %	0,37 %	100%	1,83 %
F	0,01 %	0,56 %	4,26 %	25,18 %	33,59 %	24,26 %	12,05 %	0,08 %	100%	19,60 %
G	0,02 %	0,70 %	5,68 %	27,65 %	31,61 %	23,11 %	11,00 %	0,23 %	100%	12,52 %
H	0,00 %	0,18 %	2,99 %	20,69 %	35,60 %	28,46 %	11,82 %	0,25 %	100%	8,67 %
I	0,00 %	3,36 %	21,76 %	36,14 %	22,23 %	11,61 %	4,71 %	0,18 %	100%	3,12 %
J	0,00 %	0,00 %	4,38 %	28,44 %	23,75 %	33,75 %	9,69 %	0,00 %	100%	0,36 %
K	0,00 %	0,00 %	1,00 %	12,00 %	36,00 %	35,00 %	16,00 %	0,00 %	100%	0,11 %
L	0,00 %	4,41 %	1,47 %	11,76 %	32,35 %	36,76 %	13,24 %	0,00 %	100%	0,08 %
M	0,00 %	0,95 %	8,87 %	25,45 %	34,95 %	22,60 %	6,97 %	0,21 %	100%	1,08 %
N	0,00 %	0,63 %	7,05 %	31,61 %	33,13 %	21,28 %	6,17 %	0,13 %	100%	5,39 %
O	0,00 %	0,31 %	2,17 %	13,69 %	31,49 %	32,67 %	19,44 %	0,24 %	100%	4,73 %
P	0,00 %	0,38 %	4,15 %	16,23 %	33,58 %	30,94 %	14,34 %	0,38 %	100%	0,30 %
Q	0,00 %	0,14 %	1,18 %	15,74 %	30,71 %	29,67 %	22,42 %	0,14 %	100%	1,63 %
R	0,00 %	2,32 %	14,93 %	40,04 %	22,35 %	13,83 %	6,31 %	0,22 %	100%	1,03 %
S	0,00 %	0,61 %	6,09 %	28,16 %	35,16 %	19,33 %	10,20 %	0,46 %	100%	0,75 %
T	0,00 %	0,00 %	0,00 %	20,69 %	13,79 %	41,38 %	20,69 %	3,45 %	100%	0,03 %
U	0,00 %	0,00 %	0,00 %	100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	100%	0,00 %
Total	0,00 %	0,69 %	5,32 %	24,97 %	32,55 %	24,70 %	11,61 %	0,15 %	100%	100%

Táb. 106. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas dos traballadores segundo grupos de idade.

Seccións	Menor de 16 anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	65 ou mais anos	TOTAL	% MULLERES
A	0,00 %	0,20 %	1,42 %	8,94 %	19,60 %	34,77 %	34,28 %	0,79 %	100%	5,62 %
B	0,00 %	0,00 %	0,00 %	14,29 %	42,86 %	28,57 %	14,29 %	0,00 %	100%	0,04 %
C	0,00 %	0,39 %	3,01 %	17,37 %	31,85 %	33,28 %	13,97 %	0,14 %	100%	14,29 %
D	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	100%	0,01 %
E	0,00 %	0,00 %	1,49 %	18,81 %	37,62 %	30,20 %	11,39 %	0,50 %	100%	0,56 %
F	0,00 %	0,00 %	2,96 %	25,19 %	42,96 %	17,04 %	11,85 %	0,00 %	100%	0,37 %
G	0,00 %	0,34 %	4,53 %	27,86 %	37,69 %	21,86 %	7,70 %	0,02 %	100%	17,11 %
H	0,00 %	0,09 %	2,62 %	18,74 %	37,58 %	27,65 %	13,03 %	0,28 %	100%	2,95 %
I	0,03 %	2,10 %	11,57 %	29,26 %	26,42 %	20,65 %	9,68 %	0,29 %	100%	10,52 %
J	0,00 %	0,84 %	5,04 %	30,25 %	36,97 %	18,49 %	8,40 %	0,00 %	100%	0,33 %
K	0,00 %	0,00 %	1,68 %	23,53 %	35,29 %	24,37 %	14,29 %	0,84 %	100%	0,33 %
L	0,00 %	0,00 %	0,00 %	14,71 %	32,35 %	35,29 %	17,65 %	0,00 %	100%	0,09 %
M	0,00 %	1,13 %	5,90 %	29,02 %	35,15 %	21,32 %	6,80 %	0,68 %	100%	1,22 %
N	0,00 %	0,29 %	3,29 %	16,83 %	27,30 %	32,72 %	18,84 %	0,73 %	100%	10,58 %
O	0,00 %	0,09 %	0,87 %	8,67 %	23,68 %	40,09 %	25,87 %	0,72 %	100%	8,85 %
P	0,00 %	0,25 %	2,54 %	21,86 %	30,24 %	23,76 %	20,20 %	1,14 %	100%	2,17 %
Q	0,00 %	0,12 %	2,64 %	14,73 %	24,32 %	33,15 %	24,73 %	0,32 %	100%	20,95 %
R	0,00 %	0,93 %	11,11 %	39,20 %	24,38 %	15,74 %	8,33 %	0,31 %	100%	0,89 %
S	0,00 %	0,45 %	4,83 %	29,76 %	27,95 %	24,17 %	11,78 %	1,06 %	100%	1,83 %
T	0,00 %	0,00 %	1,28 %	8,72 %	18,09 %	37,66 %	32,77 %	1,49 %	100%	1,30 %
U	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	50,00 %	50,00 %	0,00 %	0,00 %	100%	0,01 %
Total	0,00 %	0,45 %	3,93 %	19,25 %	28,78 %	29,66 %	17,54 %	0,39 %	100%	100%

Táb. 107. Porcentaxes dos CNAE por seccións das empresas das traballadoras segundo grupos de idade.

Tráfico

E para terminar este estudo, os datos dos accidentes de tráfico. Estes organizáronse en seis táboas:

- Dúas táboas, unha para cada grupo de idade (os menores de 55 anos e os que son maiores a estes), onde se mostran as porcentaxes do lugar onde ocorreu o accidente (en xornada ou *in itinere*) segundo a gravidade dos accidentes (leves, graves e mortais) tanto para homes, mulleres e o total de ambos os sexos.
- Dúas táboas, unha para cada grupo de idade (os menores de 55 anos e os que son maiores a estes), onde se mostran as porcentaxes da gravidade dos accidentes (leves, graves e mortais) segundo o lugar onde ocorreu o accidente (en xornada ou *in itinere*) tanto para homes, mulleres e o total de ambos os sexos.
- Dúas táboas, unha para cada grupo de idade, onde se indican os accidentados segundo a súa gravidade e sexo en cada un dos cinco anos do estudo. **A cada táboa acompañaa unha gráfica** coa representación dos accidentes por sexo e outra máis onde os accidentes dos traballadores menores de 55 anos están escalados tendo en conta que os estes traballadores son cinco veces máis en número de cotizantes que os maiores.

En relación ás dúas primeiras táboas destácanse con cor as celas da táboa que corresponde aos traballadores de 55 anos e maiores, as porcentaxes de accidentes graves e mortais de homes e mulleres. Nos homes, e considerando só os accidentes en xornada laboral, a porcentaxe de accidentes graves é lixeiramente superior e o de mortais lixeiramente inferior respecto dos traballadores máis novos. Nas mulleres son os accidentes graves os de menor porcentaxe e os accidentes mortais os de maior nas traballadoras de 55 anos e maiores respecto das traballadoras máis novas. Respecto dos accidentes mortais nas traballadoras de maior idade, o seu menor número fai que unha pequena variación numérica provoque unha variación en porcentaxe moi importante, polo que este dato é pouco representativo.

Persoal de 55 anos e maior					
Sexo	Lugar	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	en xornada	43,46 %	58,33 %	57,14 %	44,48 %
	in itinere	56,54 %	41,67 %	42,86 %	55,52 %
	Total	100%	100%	100%	100%
Mulleres	en xornada	17,70 %	6,90 %	50,00 %	17,25 %
	in itinere	82,30 %	93,10 %	50,00 %	82,75 %
	Total	100%	100%	100%	100%
Total	en xornada	31,28 %	35,38 %	55,56 %	31,70 %
	in itinere	68,72 %	64,62 %	44,44 %	68,30 %
	Total	100%	100%	100%	100%

Táb. 108. Porcentaxes de accidentes do persoal traballador de 55 anos e maior segundo sexo, gravidade e lugar do accidente.

Persoal de menos de 55 anos					
Sexo	Lugar	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	en xornada	42,63 %	53,16 %	68,75 %	43,12 %
	in itinere	57,37 %	46,84 %	31,25 %	56,88 %
	Total	100%	100%	100%	100%
Mulleres	en xornada	14,39 %	17,05 %	9,09 %	14,42 %
	in itinere	85,61 %	82,95 %	90,91 %	85,58 %
	Total	100%	100%	100%	100%
Total	en xornada	29,74 %	43,38 %	57,63 %	30,17 %
	in itinere	70,26 %	56,62 %	42,37 %	69,83 %
	Total	100%	100%	100%	100%

Táb. 109. Porcentaxes de accidentes do persoal traballador menor de 55 anos segundo sexo, gravidade e lugar do accidente.

Comparando as porcentaxes de accidentes graves e mortais, tanto nos accidentes en xornada como *in itinere*, o persoal traballador de 55 anos e maiores ten maiores porcentaxes destes accidentes, destacando os accidentes graves en xornada laboral nos homes e os accidentes graves *in itinere* nas mulleres.

Persoal de 55 anos e maior					
Sexo	Lugar	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	en xornada	90,88 %	7,66 %	1,46 %	100%
	in itinere	94,74 %	4,39 %	0,88 %	100%
	Total	93,02%	5,84%	1,14%	100%
Mulleres	en xornada	96,81 %	2,13 %	1,06 %	100%
	in itinere	93,79 %	5,99 %	0,22 %	100%
	Total	94,31%	5,32%	0,37%	100%
Total	en xornada	92,39 %	6,25 %	1,36 %	100%
	in itinere	94,20 %	5,30 %	0,50 %	100%
	Total	93,63%	5,60%	0,78%	100%

Táb. 110. Porcentaxes de accidentes do persoal traballador de 55 anos e maior segundo sexo, lugar do accidente e gravidade.

Persoal de menos de 55 anos					
Sexo	Lugar	Gravidade			Total
		Leves	Graves	Mortais	
Homes	en xornada	95,19 %	3,81 %	1,00 %	100%
	in itinere	97,11 %	2,55 %	0,34 %	100%
	Total	96,28%	3,09%	0,63%	100%
Mulleres	en xornada	98,24 %	1,65 %	0,11 %	100%
	in itinere	98,46 %	1,36 %	0,19 %	100%
	Total	98,43%	1,40%	0,17%	100%
Total	en xornada	95,84 %	3,35 %	0,81 %	100%
	in itinere	97,85 %	1,89 %	0,26 %	100%
	Total	97,25%	2,33%	0,42%	100%

Táb. 111. Porcentaxes de accidentes do persoal traballador de menos de 55 anos segundo sexo, lugar do accidente e gravidade.

Nas táboas e gráficos da evolución de todos os accidentes laborais de tráfico (tanto en xornada como *in itinere*) móstrase, cos datos do persoal traballador de 55 anos e maiores, que nas traballadoras estes accidentes creceron nestes cinco anos, mentres que nos traballadores no 2016 volveuse a alcanzar o número do ano 2013, dende o descenso do ano 2014.

Os accidentes de tráfico nas traballadoras menores de 55 anos aumentaron no ano 2016 superando o número rexistrado no ano 2012. Entre o ano 2012 e o 2015 mantívose en valores próximos ata o xa citado aumento do último ano. Nos traballadores menores de 55 anos volveuse no ano 2016 ao nivel do ano 2012, aumentando os accidentes desde o nivel en que se mantiveron entre os anos 2013 e 2015.


Para poñer en contexto os accidentes de tráfico, engadiuse un gráfico (que se denominou como escalado) en que se representa a evolución dos accidentes de tráfico do persoal traballador menor de 55 anos, considerando que estes traballadores son en unha proporción superior a un a cinco respecto aos traballadores de máis idade.

Reducindo o número de accidentes esta proporción (eliminando desta maneira o efecto dun maior número de afiliados cotizantes) pódese comprobar como os traballadores maiores teñen menos accidentes de tráfico que os traballadores máis novos (algo máis da metade que eles).

Sexo	Gravidade	Ano de baixa					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	115	125	101	110	122	573
	Graves	5	6	9	6	10	36
	Mortais	2	1	2	2	0	7
	Total	122	132	112	118	132	616
Mulleres	Leves	88	92	96	107	131	514
	Graves	3	8	6	6	6	29
	Mortais	0	1	1	0	0	2
	Total	91	101	103	113	137	545
Total	Leves	203	217	197	217	253	1.087
	Graves	8	14	15	12	16	65
	Mortais	2	2	3	2	0	9
	Total	213	233	215	231	269	1.161

Táb. 112. Evolución dos accidentes de tráfico no persoal traballador de 55 e máis anos segundo sexo e gravidade.

Accidentes de tráfico do persoal de 55 anos e maiores




Gráf. 32. Evolución dos accidentes de tráfico no persoal de 55 anos e maiores.

Sexo	Gravidade	Ano de baixa					Total
		2012	2013	2014	2015	2016	
Homes	Leves	1.548	1.413	1.441	1.437	1.536	7.375
	Graves	43	46	50	42	56	237
	Mortais	12	7	7	8	14	48
	Total	1.603	1.466	1.498	1.487	1.606	7.660
Mulleres	Leves	1.263	1.215	1.236	1.179	1.300	6.193
	Graves	22	15	18	14	19	88
	Mortais	2	3	3	3	0	11
	Total	1.287	1.233	1.257	1.196	1.319	6.292
Total	Leves	2.811	2.628	2.677	2.616	2.836	13.568
	Graves	65	61	68	56	75	325
	Mortais	14	10	10	11	14	59
	Total	2.890	2.699	2.755	2.683	2.925	13.952


Táb. 113. Evolución dos accidentes de tráfico no persoal traballador de menos de 55 anos segundo sexo e gravidade.

Accidentes de tráfico do persoal de menos de 55 anos



Gráf. 33. Evolución dos accidentes de tráfico no persoal de menos de 55 anos.

Accidentes de tráfico do persoal de menos de 55 anos (escalado)



Gráf. 34. Evolución dos accidentes de tráfico no persoal de menos de 55 anos (axustada a escala tendo en conta o maior número de cotizantes menores de 55 anos).

Conclusións

Todos os grupos de idade entre os 40 e os 64 anos experimentan aumentos da súa porcentaxe no total do persoal traballador. [Gráf.03.](#)

O persoal entre os 30 e 34 anos é o máis afectado polo descenso da súa porcentaxe entre os traballadores, seguido do persoal entre 25 e 29 anos. [Gráf.03.](#)

O persoal traballador de 40 anos ou maior, supón máis do 56% dos cotizantes de Galicia, o de 50 anos e maior algo máis do 27% e o de 55 e maior algo máis do 15%. [Gráf.04.](#)

É moi salientable a diminución da porcentaxe de accidentes dos traballadores de 25 a 34 anos: de 26,90% a 23,24% nos homes e de 23,00% a 16,53% nas mulleres. Isto pode ser debido, entre outras posibles causas, a que diminuíron as cotizacións das continxencias profesionais deste grupo de idade ou o emprego. Polo anterior, a media de idade dos accidentados tende a subir. [Gráf.05.](#) [Gráf.06.](#)

Nos cinco anos do 2012 ao 2016, a media de idade dos homes accidentados aumentou de 40,04 anos a 41,03 e a mediana de 39 anos a 41. Nas mulleres a media de idade aumentou de 42,19 anos a 43,81 e a mediana de 42 a 44 anos. [Táb.04](#)

A media dos accidentes *in itinere* das mulleres de 55 ou máis anos e máis do dobre ca dos homes nos cinco anos de 2012 ao 2016. [Táb.08.](#)

Os homes de 55 a 64 anos son un grupo de idade con unha porcentaxe baixa dos accidentes *in itinere*, menor do 10% do total. [Gráf.11.](#) As mulleres dese grupo de idade teñen arredor do 15% dos accidentes *in itinere* das traballadoras. [Gráf.12.](#) O persoal traballador de 55 a 64 anos ten aproximadamente o 12,5% do total dos accidentes *in itinere*. [Gráf. 13.](#)

A incidencia dos accidentes nos homes de 55 a 64 anos é a máis baixa entre todos os grupos de idades agás os de 65 ou máis anos, estando por baixo dos 4.000 accidentes por 100.000 traballadores nos cinco anos. [Táb.10.](#) [Gráf.14.](#)

A incidencia dos accidentes diminúe coa idade nos homes, pero non nas mulleres. As traballadoras de 55 a 64 anos son as que teñen a maior incidencia de accidentes xunto cas de 45 a 54 anos e despois das de 16 a 19 anos. A súa incidencia está por baixo dos 2.500 accidentes por 100.000 traballadoras nestes cinco anos. [Táb.11.](#) [Gráf.15.](#)

O persoal traballador con idades entre os 55 e 64 anos e o grupo de idades con menor incidencia agás os de 65 ou máis anos, aumentando dende o ano 2012 ata o 2015 e diminuindo lixeiramente no 2016. [Táb.12.](#) [Gráf.16.](#)

A incidencia dos accidentes *in itinere* nos traballadores de 55 a 64 anos é a máis baixa de todos os grupos de idade agás os de 65 anos e maiores. Diminúe dende 213,33 no ano 2012 ata 161,83 por 100.000 traballadores no ano 2015, aumentado moi lixeiramente no 2016 ata 162,17. [Táb.13.](#) [Gráf.17.](#)

A incidencia dos accidentes *in itinere* nas traballadoras entre 55 e 64 anos aumenta en relación aos grupos de idade de 35 a 44 anos e de 45 a 54 anos, sendo inferior á das traballadoras máis novas. O valor medio da incidencia nos cinco anos nas traballadoras de 55 a 64 anos é arredor de 460 accidentes por 100.000 traballadoras. [Táb. 14.](#)[Gráf.18.](#)

Os traballadores máis vellos, teñen unha porcentaxe de accidentes graves maior ca os máis novos. Nos accidentes graves os homes de 45 a 54 anos sofren o 31,93% do

total dos graves, este é o grupo de idade de maior porcentaxe, e os de 55 a 64 anos o 20,56%, sendo o grupo co terceiro maior porcentaxe de graves. Nos accidentes mortais os traballadores de 45 a 54 anos teñen o 39,85% dos accidentes e os de 55 a 64 anos o 24,14%, estes son os dous grupos de idade de maior porcentaxe. [Táb. 16.](#)

A incidencia dos accidentes graves nos homes de 55a 64 anos é de 133,12 por 100.000 traballadores, a maior de todos os grupos de idade. Nos accidentes mortais a maior incidencia é nos traballadores de 65 ou máis anos con 47,25 accidentes por 100.000, seguida da incidencia nos traballadores de 55 a 64 anos con 22,07 por 100.000 traballadores. [Táb.17.](#)

Nas traballadoras, a porcentaxe de accidentes leves e totais aumenta coa idade ata chegar, nos accidentes leves, no grupo de 45 a 54 anos ao 29,63%, diminuindo no grupo de 55 a 64 anos ao 17,27%. Porcentaxes moi semellantes aos dos accidentes leves son os dos mortais. A porcentaxe de accidentes graves aumenta coa idade dos grupos, chegando ao máximo nas traballadoras de 55 a 64 anos co 40,62% dos accidentes graves, sendo o seguinte grupo en porcentaxe o de 45 a 54 anos co 32,78%. Nos mortais, con poucos casos, a maior porcentaxe corresponde ao grupo de 55 a 64 anos co 38,46% seguido co grupo de 35 a 44 anos co 30,77%. [Táb.18.](#)

A incidencia dos accidentes leves nas traballadoras diminúe dende un máximo de 2.919,44 por 100.000 nas mulleres de 16 a 19 anos ata as de 25 a 34 anos, nas que volve a subir ata os máximos nos grupos de 45 a 54 anos (2.187,78 por 100.000) e 55 a 64 anos (2.168,64 por 100.000). A incidencia dos accidentes graves e maior nos grupos de idade de 45 anos en adiante, correspondendo ao grupo de 55 a 64 anos o maior índice con 60,01 accidentes por 100.000 traballadoras; o seguinte grupo é o das traballadoras de 65 ou máis anos cunha incidencia de 34,16 e o terceiro grupo os das mulleres de 45 a 54 anos cun índice de 28,47. En canto aos accidentes mortais, sendo poucos casos, o maior índice é o das traballadoras de 55 a 64 anos con 1,75 accidentes por 100.000. [Táb.19.](#)

Nos traballadores de 55 ou máis anos, as peores porcentaxes **segundo a gravidade dos accidentes** foron no ano 2012 onde a porcentaxe de accidentes graves foi do 4,40% e a de mortais do 0,74%. Pola contra, as mellores porcentaxes foron no ano 2013, 0,48% dos accidentes mortais e o 2,91% nos accidentes graves. Nas traballadoras, os anos de peores e mellores porcentaxes dos accidentes graves e mortais están xuntos: no 2013 a porcentaxe de graves foi de 3,42% e de mortais de 0,16%, no 2014 a porcentaxe de graves foi do 2,13% dos accidentes graves e do 0,00% dos accidentes mortais. [Táb.22.](#)

A evolución do ano 2012 ao 2016 dos datos de cotización, tanto en homes coma en mulleres **indican un envellecemento da poboación traballadora cotizante polo incremento da porcentaxe do persoal de 55 anos e maiores e a correspondente diminución dos traballadores máis novos.** [Táb. 24.](#)

O incremento do número de accidentes no persoal traballador de 55 ou maiores é superior ca nos menores de 55 anos. [Gráf.20,](#) [Gráf.21.](#) Aínda así **a incidencia dos accidentes (leves e totais) e menor nos traballadores máis vellos. Isto non é así nos accidentes graves, en que a incidencia é maior nos traballadores de 55 anos e maiores.** A incidencia destes accidentes é maior nos homes que nas mulleres pero con maior diferenza entre os dous grupos de idade nas mulleres. [Gráf.26,](#) [Gráf.27.](#)

En canto aos accidentes mortais, o número mantívose en cifras arredor dos 15 falecidos, no persoal traballador de 55 anos e maiores, agás no ano 2013 en que diminuíron ata 11. No persoal menor de 55 anos, o número de accidentes mortais mostra unha tendencia crecente dende os 32 falecidos do ano 2012 aos 45 do 2016,

cun máximo de 50 falecidos no ano 2014. [Gráf.28](#), [Gráf.29](#). Do mesmo xeito que nos accidentes graves a incidencia dos accidentes mortais é maior nos traballadores máis vellos (case o dobre que nos máis novos). [Gráf.30](#), [Gráf.31](#).

Nos accidentes *in itinere*, nos dous últimos anos do estudo (2015 e 2016) hai unha diminución das porcentaxes de accidentes graves e mortais nos traballadores de 55 anos e maiores, e nos mortais nas traballadoras. Non hai outros datos no período que permitan determinar unha tendencia. [Táb.25](#), [Táb.26](#).

En canto á incidencia dos accidentes *in itinere*, no persoal traballador de 55 anos ou maior pódese ver unha mellora nos dous últimos anos, mentres que nos menores de 55 anos, ademais dos bos datos do ano 2013, a melloría nos accidentes máis graves deuse só no último ano entre as traballadoras. [Táb.27](#).[Táb.28](#).

Por sectores, os traballadores de 55 a 64 anos teñen porcentaxes de accidentes lixeramente superiores ao que corresponde ao seu grupo de idade na agricultura, industria e construción, e os de 65 ou máis, na agricultura e nos servizos. Pola contra nas traballadoras, ás de 55 a 64 anos superan amplamente na agricultura e na pesca e as de 65 e maiores superan o seu porcentaxe na agricultura, pesca e servizos. [Táb.29](#).

No persoal traballador de 55 anos e maiores, **segundo o sector e a gravidade dos accidentes**, os traballadores teñen porcentaxes superiores de accidentes graves na agricultura, pesca e construción e porcentaxes superiores de accidentes mortais na agricultura, pesca e servizos. En canto ás traballadoras, teñen maiores porcentaxes de accidentes graves na agricultura e na pesca e de accidentes mortais na pesca e na industria. [Táb.30](#).[Táb.32](#).

No persoal traballador de menos de 55 anos non coinciden exactamente os mesmos sectores en que supérase á gravidade ca no persoal de maior idade: nos traballadores, os accidentes graves tamén na agricultura, pesca e construción, pero os mortais só na agricultura e pesca; e nas traballadoras, nos accidentes graves ademais da agricultura e na pesca tamén na construción, e nos accidentes mortais na industria e na construción. [Táb.31](#).[Táb.33](#).

No persoal traballador de 55 anos e maiores, **segundo a provincia e a gravidade dos accidentes**, os traballadores teñen porcentaxes superiores de accidentes graves e mortais en Lugo e Ourense. En canto ás traballadoras, teñen unha porcentaxe superior de accidentes graves na provincia de Lugo e de accidentes mortais en Ourense e Pontevedra. [Táb.34](#).

No persoal máis novo, a distribución das porcentaxes de accidentes segundo as provincias é distinta: nos homes, agás na Coruña en todas as demais provincias supéranse as porcentaxes de accidentes graves e nos accidentes mortais na provincia de Lugo; as mulleres superan as porcentaxes de accidentes graves nas provincias de Lugo e Pontevedra e de mortais (hai que ter en conta que son moi poucos), na Coruña e Ourense. [Táb.35](#).

Facendo a análise **segundo a incidencia dos accidentes e a súa gravidade por provincias e sexo**, no persoal traballador de 55 e máis anos, a incidencia nos homes é maior nos accidentes graves das provincias de Ourense (143,21) e A Coruña (131,35), sendo a incidencia en Galicia de 131,33. Nos accidentes mortais a incidencia é maior nos traballadores das provincias de Ourense (33,52) e Lugo (31,20), sendo a incidencia en Galicia de 22,80. Nas mulleres de 55 e máis anos, a incidencia é maior nos accidentes graves das provincias de Lugo (101,63) e A Coruña (60,94), sendo a incidencia en Galicia de 58,99. Nos accidentes mortais a incidencia é maior nas

traballadoras das provincias de Ourense (2,89) e Pontevedra (2,14), sendo a incidencia en Galicia de 1,69. [Táb.36](#).

No persoal traballador de menos de 55 anos, a incidencia nos homes é maior nos accidentes graves das provincias de Ourense (104,73), Lugo (99,57) e Pontevedra (94,10), sendo a incidencia en Galicia de 89,53. Nos accidentes mortais a incidencia é maior nos traballadores das provincias de Lugo (17,72) e Pontevedra (11,96), sendo a incidencia en Galicia de 11,88. Nas mulleres de menos de 55 anos, a incidencia é maior nos accidentes graves das provincias de Lugo (25,46) e Pontevedra (17,27). sendo a incidencia en Galicia de 15,43. Nos accidentes mortais a incidencia é maior nas traballadoras das provincias de Ourense (2,52) e A Coruña (0,57), sendo a incidencia en Galicia de 0,50 (son poucos casos). [Táb.37](#).

As porcentaxes de accidentes **pola forma de contacto e grupos de idade**, nos homes de 55 e máis anos, que superan a porcentaxe da forma de contacto no total dos accidentes dos homes son :

- De 55 a 64 anos: 29,57% de accidentes por *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil*, 5,61% de accidentes por *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación*, 1,12% de accidentes por *Mordeduras, patadas, etc (de animais ou persoas)*, 1,30% de accidentes por *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*.
- 65 e máis anos: 39,23% de accidentes por *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil*, 0,77% de accidentes por *Trauma psíquico, exposición a radiacións*, 3,85% de accidentes por *Mordeduras, patadas, etc (de animais ou persoas)*, 5,38% de accidentes por *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*. [Táb.38](#)

As porcentaxes de accidentes pola **forma de contacto e grupos de idade**, nas mulleres de 55 e máis anos, que superan a porcentaxe da forma de contacto no total dos accidentes das mulleres son :

- De 55 a 64 anos: 0,09% de accidentes por *Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto*, 44,84% de accidentes por *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil*, 3,54% de accidentes por *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación*, 0,88% de accidentes por *Trauma psíquico, exposición a radiacións*, 2,64% de accidentes por *Mordeduras, patadas, etc.*, 0,83% de accidentes por *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*.
- 65 e máis anos: 58,45% de accidentes por *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil*, 2,11% de accidentes por *Mordeduras, patadas, etc.*, 0,70% de accidentes por *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*. [Táb.39](#)

Na comparativa entre as **porcentaxes de accidentes graves e mortais** entre os homes de 55 e máis anos e os de menos idade pódense destacar as seguintes **formas de contacto**:

- *Contacto con corrente eléctrica, lume, temperatura ou sustancias perigosas*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (5,70% vs. 3,90%) e mortais (7,46% vs. 3,61%) aos de menos de 55 anos.
- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil* (Caídas ou choques), cunha porcentaxe de accidentes graves (37,31% vs. 33,99%) superior aos de menos de 55 anos.
- *Trauma psíquico, exposición a radiacións*, cunha porcentaxe de accidentes graves (0,52% vs. 0,07) que aínda sendo pequena e moi superior aos traballadores de menos de 55 anos.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (1,30% vs. 1,09%) e mortais (1,49% vs. 0,00%) aos de menos de 55 anos.

- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, con porcentaxes moi superiores de accidentes graves (14,77% vs. 6,57%) e mortais (43,28% vs. 26,80%) aos traballadores de menos de 55 anos. Táb.41, Táb.42.

Na comparativa entre as **porcentaxes de accidentes graves e mortais** entre as mulleres de 55 e máis anos e as de menos idade pódense destacar as seguintes **formas de contacto**:

- *Afogamento, quedar sepultado, quedar envolto* (20,00% vs. 0,00%) e *Choque ou golpe contra un obxecto en movemento, colisión con*, (20,00% vs. 12,50%) importantes por ser formas en que se produciron lesións mortais e de maiores porcentaxes que nas traballadoras máis novas.
- *Esmagamento sobre ou contra un obxecto inmóbil* (Caídas ou golpes), que supoñen máis da metade dos accidentes graves (57,71% vs. 41,06%) destas traballadoras, e superior a porcentaxe das máis mozas.
- *Mordeduras, patadas, etc. (de animais ou persoas)*, cunha porcentaxe salientable de accidentes graves (4,00% vs. 3,66%).
- *Infartos, derrames cerebrais e outras patoloxías non traumáticas*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (11,43% vs. 10,98%) e moi superiores de mortais (60,00% vs. 37,50%) ás traballadoras máis mozas. [Táb.43](#), [Táb.44](#).

As porcentaxes de accidentes pola **lesión e grupos de idade**, nos homes de 55 e máis anos, que superan a porcentaxe da forma de contacto no total dos seus accidentes son:

- De 55 a 64 anos: 12,09% das lesións por *Fracturas de ósos*, 0,77% por *Amputacións traumáticas*, 1,97% por *Conmocións e lesións internas*, 0,10% por *Afogamentos e asfixias*, 0,13% por *Danos psicolóxicos e choques traumáticos*, 1,50% por *Lesións múltiples* e 1,30% por *Infartos, derramos e outras patoloxías*.
- De 65 e máis anos: 35,38% das lesións por *Lesións superficiais e feridas abertas*, 13,85% por *Fracturas de ósos*, 3,08% por *Conmocións e lesións internas*, 0,77% por *Ambiente térmico*, 1,54% por *Lesións múltiples* e 5,38% por *Infartos, derramos e outras patoloxías*. [Táb.47](#).

As porcentaxes de accidentes pola **lesión e grupos de idade**, nas mulleres de 55 e máis anos, que superan a porcentaxe da forma de contacto no total dos seus accidentes son:

- De 55 a 64 anos: 13,67% das lesións por *Fracturas de ósos*, 0,19% por *Amputacións traumáticas*, 0,11% por *Afogamentos e asfixias*, 0,06% por *Efectos do ruído, vibracións e presión*, 0,35% por *Danos psicolóxicos e choques traumáticos*, 1,48% por *Lesións múltiples* e 0,88% por *Infartos, derramos e outras patoloxías*.
- De 65 e máis anos: 25,35% por *Lesións superficiais*, 18,31% por *Fracturas de ósos*, 0,70% por *Amputacións traumáticas*, 2,11% por *Lesións múltiples* e 0,70% por *Infartos, derramos e outras patoloxías*. [Táb. 48](#).

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** entre os homes de 55 e máis anos e os de menos idade pódense destacar os seguintes **tipos de lesión**:

- *Fracturas de ósos*, cunha porcentaxe de accidentes graves importante (42,49%) pero inferior á dos traballadores máis novos (46,51%).
- *Conmocións e lesións internas*, cunha porcentaxe de accidentes graves superior (7,51% vs. 7,25%) pero cunha inferior nos accidentes mortais (11,94% vs. 14,95%) ca os traballadores de menor idade.
- *Queimaduras, escaldaduras e conxelacións*, con porcentaxes maiores de accidentes graves (4,66% vs. 3,01%) e de accidentes mortais (4,48% vs. 1,55%) ca os traballadores máis novos.
- *Afogamentos e asfixias*, cunha porcentaxe de accidentes graves importante (10,45%) pero inferior á dos traballadores de menor idade (16,49%).

- *Lesións múltiples*, cunha porcentaxe de accidentes graves superior (9,33% vs. 8,69%) pero cunha inferior nos accidentes mortais (28,36% vs. 34,02%) ca os traballadores máis novos.
- *Infartos, derramos e outras patoloxías non traumáticas*, cunhas porcentaxes de accidentes graves (14,77% vs. 6,43%) e de accidentes mortais (41,79% vs. 26,80%) superiores ás dos traballadores de menor idade. [Táb.50.](#) [Táb.51.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** entre as mulleres de 55 e máis anos e as de menor idade pódense destacar os seguintes **tipos de lesión:**

- *Fracturas de ósos*, cunha porcentaxe de accidentes graves superior (62,29% vs. 47,97%) cas mulleres de menor idade.
- *Afogamentos e asfixias*, cunha porcentaxe de accidentes mortais superior (20,00% vs. 0,00%) cas mulleres máis novas. Son poucos os casos de accidentes mortais entre as mulleres.
- *Infartos, derramos e outras patoloxías non traumáticas*, cunhas porcentaxes de accidentes graves (11,43% vs. 10,98%) e de accidentes mortais (60,00% vs. 37,50%) cas mulleres de menor idade. [Táb.52.](#) [Táb.53.](#)

As porcentaxes de accidentes pola **parte do corpo e grupos de idade**, nos homes de 55 e máis anos, que superan a porcentaxe da parte do corpo lesionada no total dos seus accidentes son :

- De 55 a 64 anos: 0,90% dos accidentados con *Danos no cranio*, 1,91% con *Danos na cara (agás ollos)*, 1,55% con *Danos na cabeza*, 15,53% con *Danos nas extremidades superiores (agás mans)*, 22,07% con *Danos nas extremidades inferiores (agás pes)* e 2,99% con *Lesións múltiples*.
- De 65 e máis anos: 1,54% dos accidentados con *Danos na cara (agás ollos)*, 6,15% con *Danos nos ollos*, 2,31% con *Danos na cabeza*, 17,69% con *Danos no tórax*, 13,85% con *Danos nas extremidades superiores (agás mans)*, 10,00% con *Danos nos pés* e 3,85% con *Lesións múltiples*. [Táb.56.](#)

As porcentaxes de accidentes pola **parte do corpo e grupos de idade**, nas mulleres de 55 e máis anos, que superan a porcentaxe da parte do corpo lesionada no total dos seus accidentes son :

- De 55 a 64 anos: 1,05% das accidentadas con *Danos no cranio*, 1,24% con *Danos na cara (agás ollos)*, 1,05% con *Danos na cabeza*, 5,46% con *Danos no tórax*, 16,13% con *Danos nas extremidades superiores (agás mans)*, 22,97% con *Danos nas extremidades inferiores (agás pes)* e 4,53% con *Lesións múltiples*.
- De 65 e máis anos: 1,41% das accidentadas con *Danos no cranio*, 2,11% con *Danos na cara (agás ollos)*, 7,04% con *Danos no tórax*, 15,53% con *Danos nas extremidades superiores (agás mans)*, 19,01% con *Danos nas extremidades inferiores (agás pes)* e 7,75% con *Lesións múltiples*. [Táb.57.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** entre os homes de 55 e máis anos e os de menor idade pódense destacar as seguintes **partes do corpo lesionadas:**

- *Cranio*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (7,51% vs. 4,38%) e mortais (14,93% vs. 7,73%) ca os traballadores máis novos.
- *Cara (agás ollos)*, cunha porcentaxe superior de accidentes graves (2,33% vs. 1,23%) ca os traballadores de menor idade.
- *Cabeza*, cunha porcentaxe superior de accidentes graves (3,37% vs. 3,28%) pero inferior de accidentes mortais (1,49% vs. 5,67%).
- *Tórax*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (18,91% vs. 11,70%) e mortais (37,31% vs. 26,80%) ca os traballadores máis novos.
- *Lesións múltiples*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (12,95% vs. 12,86%) pero inferior de accidentes mortais (44,78% vs. 55,67%). [Táb.59.](#) [Táb.60.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** entre as mulleres de 55 e máis anos e as de menos idade pódense destacar as seguintes **partes do corpo lesionadas**:

- *Cranio*, con porcentaxes superiores de accidentes mortais (20,00% vs. 12,50%) e inferiores de graves (5,14% vs. 7,72%).
- *Tórax*, con porcentaxes superiores de accidentes graves (12,57% vs. 9,76%) e mortais (20,00% vs. 12,50%).
- *Extremidades superiores (agás mans)*, cunha porcentaxe lixeiramente superior de accidentes graves (17,71% vs. 17,07%).
- *Extremidades inferiores (agás pés)*, cunha porcentaxe lixeiramente superior de accidentes graves (27,43% vs. 27,24%).
- *Lesións múltiples*, cunha porcentaxe lixeiramente superior de accidentes graves (4,57% vs. 4,07%) e inferior aínda que alta de accidentes mortais (60,00% vs. 75,00%). [Táb.61.](#) [Táb.62.](#)

No cruzamento entre a *Hora de traballo* e a *Hora do día* as diferenzas nas porcentaxes son pequenas, sendo na primeira hora de traballo antes das 8 da mañá e na segunda entre as 22 e as 24 horas onde maior diferenza positiva de porcentaxes dáse entre o persoal de 55 e máis anos e o persoal de menos de 55 anos. [Táb.65.](#)[Táb.66](#)

Na análise pola **antigüidade no posto de traballo**, co aumento da idade as porcentaxes dos accidentes nas antigüidades máis pequenas diminúen (en sentido vertical), pero dentro do mesmo grupo de idade, **as porcentaxes de accidentes chegan a un mínimo entre os 6 meses e un ano de antigüidade no posto**, agás no caso dos traballadores de 16 a 19 anos. [Táb.67.](#)[Táb.68.](#)[Táb. 69.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** segundo a **antigüidade no posto de traballo**, entre o grupo de idade de 55 anos e maiores e o de menores de 55 anos pódese salientar:

- Nos homes de 55 anos e maiores as porcentaxes de accidentes graves e mortais son maiores que as porcentaxes do total nas antigüidades: "menos de 3 meses" e de "3 meses a 6 meses". [Táb. 70.](#)
- Nos homes de menos de 55 anos as porcentaxes de accidentes graves e mortais son maiores ca porcentaxe no total dos accidentes dos traballadores cunha antigüidade de menos de tres meses e cunha diferenza coa total maior que nos traballadores máis vellos. [Táb. 71.](#)
- Nas mulleres de 55 anos e maiores, os accidentes graves das traballadoras cunha antigüidade no posto de un ano a tres anos son o 13,71% do total e os accidentes mortais o 20,00%. [Táb. 72.](#)
- Nas mulleres de menos de 55 anos, os accidentes graves das traballadoras cunha antigüidade no posto de un ano a tres anos son o 19,92% do total. [Táb. 73.](#)

Na análise por **categoría profesional**, atendendo á idade e ao número de categorías profesionais que superan a porcentaxe de accidentes do total, **nos homes** pódense ver tres grandes agrupacións: os menores de 35 anos, os de 35 a 54 anos e os de 55 e maiores. Se miramos as idades en que as porcentaxes superan a porcentaxe da categoría no total dos accidentes nos homes obtemos as seguintes conclusións:

- Dos 45 anos en adiante as porcentaxes dos accidentes nos *Directores e xerentes* aumentan sendo unha porcentaxe importante dos accidentes (8,46%) no grupo de 65 e máis anos. A porcentaxe desta categoría no total dos accidentes dos homes é do 0,41%.
- *Os Técnicos e profesionais científicos e intelectuais* teñen unha porcentaxe máis alta de accidentes a partires dos 35 anos cun máximo no grupo de idade de 55 a 64 anos do 1,71%. A porcentaxe desta categoría no total dos accidentes dos homes é do 1,08%.

- Agás os traballadores de 65 ou máis anos co 6,15%, os de 35 ou máis anos, *Técnicos; profesionais de apoio* teñen unha porcentaxe inferior ao 2,74% dos accidentes desta categoría no total.
- *Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina* de 16 a 19 anos e os de 35 a 64 anos teñen porcentaxes superiores ao 1,30% da categoría no total tendo o grupo de idade de 55 a 64 anos a maior porcentaxe co 1,75%.
- Os traballadores de 45 a 64 anos dos *Servizos de restauración, persoais, protección e vendedores* son os únicos grupos de idade cuxas súas porcentaxes non superan ao 8,32% dos accidentes da categoría no total, sendo os traballadores de 65 ou máis os que teñen a maior porcentaxe, o 10,77%.
- Dos 45 anos en diante os *Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro* superan o 8,29% dos accidentes da categoría, sendo os de 45 a 54 anos os de maior sinistralidade co 10,46%.
- Os *Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e construción (agás operadores de instalacións)* de 55 a 64 anos son os de maior porcentaxe co 42,97% dos accidentes do seu grupo de idade. Tamén superan o 39,17% da categoría no total dos accidentes dos homes, os de 25 a 34 anos e os de 35 a 44.
- As porcentaxes de accidentes dos *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* aumentan coa idade, superando nos grupos de 35 anos en diante a porcentaxe do 16,74% dos accidentes desta categoría profesional nos homes e acadando o máximo nos traballadores de 65 anos e maiores co 20,00%.
- A sinistralidade dos traballadores con *Ocupacións* elementais diminúen coa idade dende os 16 anos ata os 65. Somentes os traballadores de 65 anos e maiores superan co 22,31% a porcentaxe no total da categoría do 21,96% entre os grupos de idade de 35 anos e maiores. [Táb. 76.](#)

Nas traballadoras non é evidente facer unha división por grupos de idade cun maior número de **categorías profesionais** con porcentaxe superior ao do total. Facendo a análise por categorías profesionais obtemos as seguintes conclusións:

- Na categoría de *Directores e xerentes* os grupos de idade que superan o 0,34% dos accidentes da categoría no total son as traballadoras de 35 a 44 anos, as de 55 a 64 anos e as de 65 anos e maiores, sendo estas últimas co 0,70% o grupo de idade cunha porcentaxe maior de accidentadas nesta categoría.
- Nas *Técnicos e profesionais científicos e intelectuais* aumentan as porcentaxes nos grupos de idade entre os 16 e 34 anos, diminuíndo entre 35 e 54 anos e superando nos grupos de idade de 55 anos en diante a porcentaxe da categoría no total dos accidentes que é do 7,50%. As traballadoras de 55 a 64 anos desta categoría profesional teñen a maior porcentaxe entre todos os grupos de idade co 10,32%.
- Entre os 16 e os 34 anos as traballadoras *Técnicos; profesionais de apoio* superan o 2,74% da porcentaxe de accidentes da categoría no total, diminuíndo coa idade a partir dos 45 anos.
- Dentro da categoría de *Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina*, as porcentaxes de accidentes aumentan co aumento da idade das traballadoras. Os grupos de 45 e máis anos de idade superan a porcentaxe no total do 4,83%, sendo o grupo das traballadoras de 65 e máis anos de idade a que acada a maior porcentaxe co 7,75%.
- As mulleres que traballan nos *Servizos de restauración, persoais, protección e vendedores* van diminuíndo as súas porcentaxes coa idade dende o máximo nas traballadoras de 16 a 19 anos co 61,35%, non superando dende os 45 anos a porcentaxe no total da categoría que é do 39,28%.
- Dende os 16 ata os 64 anos, nos grupos de idade a porcentaxe de accidentes aumenta coa idade nas mulleres que traballan como *Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro*, superando dende os 45 anos a porcentaxe no total que é do 4,42% , sendo o grupo de 55 a 64 anos o de maior porcentaxe co 8,97%.

- As porcentaxes de accidentes das traballadoras dentro da categoría de *Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e construción (agás operadores de instalacións)* aumentan coa idade ata o grupo das mulleres de 45 a 54 anos que acadan a porcentaxe máxima co 11,48% diminuíndo nos grupos de maior idade, este grupo e o das traballadoras de 35 a 44 anos co 11,13% son os únicos que superan a porcentaxe da categoría no total que é do 9,92%.
- Dentro da categoría de *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* os porcentaxes de accidentes das mulleres aumentan coa idade, sendo os grupos entre os 20 e os 44 anos os únicos que superan o porcentaxe no total que é do 2,75% dos accidentes. A máxima porcentaxe de accidentes a acadan as traballadoras de 35 a 44 anos co 3,60%.
- Os grupos de idade de 45 anos en adiante son os que superan o 28,22% de porcentaxe do total dos accidentes na categoría de Ocupacións elementais, sendo o grupo de 65 e maiores o de maior porcentaxe co 43,66% dentro de este grupo de idade. [Táb. 78.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** segundo a **categoría profesional**, entre os **homes** do grupo de idade de 55 anos e maiores e os de menores de 55 anos pódese salientar:

- Os *Directores e xerentes* de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe de accidentes graves (1,81% vs. 0,68%) e mortais (4,48% vs. 1,55%). A porcentaxe desta categoría nos traballadores máis vellos é do 0,91% e dos máis novos do 0,34%.
- Os *Técnicos e profesionais científicos e intelectuais* de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe de accidentes graves (4,40% vs. 1,92%) e mortais (4,48% vs. 1,55%). A porcentaxe desta categoría nos traballadores máis vellos é do 1,71% e dos máis novos do 0,99%.
- A porcentaxe de accidentes mortais na categoría de *Técnicos; profesionais de apoio* e do 5,97%, sendo a porcentaxe da categoría no total do 2,69%.
- Os *Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina* de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe de accidentes graves (3,11% vs. 1,57%) e mortais (2,99% vs. 1,55%). A porcentaxe desta categoría nos traballadores máis vellos é do 1,74% e dos máis novos do 1,24%.
- Hai diferencias entre as porcentaxes de accidentes graves e mortais nos *Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro*, (18,65% vs. 17,17%) nos accidentes graves e (16,42 vs. 19,59%) nos accidentes mortais para unha porcentaxe no total do 8,90% nos traballadores de 55 e máis anos e do 8,21% nos menores de 55.
- Nos *Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e construción (agás operadores de instalacións)* é de destacar que os traballadores de 55 e máis anos tendo unha porcentaxe de accidentes maior (42,71% vs. 38,70%) , a porcentaxe de accidentes graves e case igual (34,97% vs. 34,95%) e a de accidentes mortais menor (19,40% vs. 25,26%).
- Na categoría de *Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* cunha porcentaxe maior de accidentes nos total (18,40% vs. 16,52) os traballadores de 55 e máis anos teñen unha porcentaxe menor de accidentes graves (16,585 vs. 19,70%) e de accidentes mortais (26,87% vs. 31,96%) ca os traballadores máis novos. [Táb. 79.](#) [Táb. 80.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** segundo a **categoría profesional**, entre as **mulleres** do grupo de idade de 55 anos e maiores e as de menores de 55 anos pódese salientar:

- As traballadoras *Directores e xerentes* de 55 anos e maiores teñen unha porcentaxe de accidentes graves lixeiramente menor que as traballadoras máis novas (0,57% vs. 0,81%) cunha porcentaxe de accidentes no total moi similar (0,37% vs. 0,33%).

- Na categoría *Técnicos e profesionais científicos e intelectuais* as traballadoras de 55 e máis anos teñen unha porcentaxe de accidentes graves moi similar (14,86% vs. 14,23%) cunha porcentaxe no total menor (10,28% vs. 6,89%).
- As mulleres que traballan na categoría de *Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina* de 55 anos e maiores teñen unha porcentaxe de accidentes graves menor, 4,00% que as traballadoras máis novas, 8,54%, pero é unha das categorías onde houbo accidentes mortais, que supoñen o 20,00% do total nas mulleres de 55 anos e maiores. A porcentaxe de accidentes no total desta categoría supón o 6,02% nas traballadoras de maior idade e o 4,56% nas máis novas.
- Na categoría de *Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores* as traballadoras de 55 anos e maiores teñen unha porcentaxe do 60,00% dos accidentes mortais, con unha porcentaxe da categoría no total dos accidentes de 29,59%. Nas menores de 55 anos a porcentaxe de accidentes mortais é do 12,50% con unha porcentaxe de accidentes da categoría no total do 41,40%.
- As mulleres de 55 e máis anos, *Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro*, teñen unha porcentaxe de accidentes graves do 34,29% cunha porcentaxe da categoría no total dos accidentes do 8,91%. As menores de 55 anos teñen unha porcentaxe de accidentes graves do 13,82% cunha porcentaxe da categoría no total do 3,44%.
- Nas *Ocupacións elementais* as traballadoras de 55 anos e maiores teñen unha porcentaxe do 26,86% de accidentes graves e do 20,00% de accidentes mortais para unha porcentaxe de accidentes no total do 33,90%. As menores de 55 anos teñen unha porcentaxe de accidentes graves do 31,30% e do 37,50% nos accidentes mortais para unha porcentaxe no total do 26,98%. [Táb.81.](#)[Táb.82.](#)

Segundo a **situación profesional**, a maioría dos accidentes tanto nos homes coma nas mulleres son dos *Asalariados do sector privado*: o 88,08% nos homes e o 74,41% nas mulleres nos anos deste estudo.

- A porcentaxe de accidentados dos *Asalariados do sector privado* baixa coa idade e diminúe por debaixo do 88,08% nos grupos de idade de 45 anos en diante.
- A porcentaxe de accidentes nos *Asalariados do sector público* aumenta coa idade ata o grupo de 55 a 64 anos en que chega ao 13,31% dos accidentados, diminuíndo ao 6,92% no grupo de 65 ou máis anos. A porcentaxe destes asalariados no total de accidentados é do 6,66%.
- A porcentaxe de accidentados dos *Autónomos con asalariados* no total é do 1,02%. As porcentaxes de accidentes aumentan coa idade e é do 1,03% no grupo de 35 a 44 anos, chegando ao 10,00% no grupo de 65 e máis anos.
- Nos *Autónomos sen asalariados* a porcentaxe de accidentados aumenta coa idade chegando ao 6,15% no grupo de 65 ou máis anos. A porcentaxe no total é do 4,24% que é superada polos grupos de idade de 45 anos en diante. [Táb. 85.](#)

Nas traballadoras a porcentaxe de accidentadas *Asalariados do sector público* chega ao 20,05% do total.

- A porcentaxe de accidentadas na situación profesional *Asalariados do sector privado* baixa coa idade e diminúe por debaixo do 74,41% nos grupos de idade de 45 anos en diante.
- Na situación profesional *Asalariados do sector público* a porcentaxe de accidentadas diminúe do 3,07% entre os 16 e 19 anos ao 2,88% entre os 20 e 24 aumentando ata o 34,52% no grupo de 55 a 64 anos e diminúe ata o 28,17% nas traballadoras de 65 ou máis anos. A porcentaxe do 20,05% das accidentadas supérase nos grupos de 45 anos en diante.
- A porcentaxe de accidentadas na situación profesional *Autónomos con asalariados* no total é do 0,54%. As porcentaxes de accidentes aumentan coa idade e é do

0,57% no grupo de 35 a 44 anos, chegando ao 2,11% no grupo de 65 e máis anos.

- Na situación profesional *Autónomos sen asalariados* a porcentaxe de accidentadas aumenta dende os 20 anos en adiante ata o grupo de 55 a 64 anos en que chega ao 10,87%, diminuindo no grupo de 65 ou máis anos ao 9,86%. A porcentaxe no total é do 5,00% o cal superase nos grupo de 45 anos en adiante. [Táb.86.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** segundo a **situación profesional**, entre os **homes** do grupo de idade de 55 anos e maiores e os de menores de 55 anos, pódese salientar:

- As porcentaxes de accidentes graves (63,47% vs. 82,15%) e accidentes mortais (77,61% vs. 91,24%) son menores nos traballadores de 55 e máis anos que nos traballadores máis novos nos *Asalariados do sector privado*. Tamén e menor a súa porcentaxe no total dos accidentes: o 79,32% nos primeiros e o 89,25% nos segundos.
- Na situación profesional *Asalariados do sector público* a porcentaxe de graves e maior nos traballadores maiores (14,77% vs. 5,47%), tamén é maior a porcentaxe de accidentados no total (13,23% vs. 5,78%).
- A porcentaxe de accidentados na situación profesional *Autónomos con asalariados* e maior nos traballadores de 55 anos e maiores nos accidentes graves (4,92% vs. 2,19%), aínda que menor nos mortais (1,49% vs. 2,06%), para unha porcentaxe no total dos accidentes superior nos traballadores de máis idade (1,47% vs. 0,96%).
- Na situación profesional *Autónomo sen asalariados* as porcentaxes de accidentes graves (16,84% vs. 10,19%), accidentes mortais (11,94% vs. 3,61%) e porcentaxe no total dos accidentes (5,98% vs. 4,00%) son maiores nos traballadores de máis idade. [Táb. 88.](#) [Táb. 89.](#)

Na comparativa entre as porcentaxes de **accidentes graves e mortais** segundo a **situación profesional**, entre as **traballadoras** do grupo de idade de 55 anos e maiores e as de menores de 55 anos, pódese salientar:

- As porcentaxes de accidentes graves (28,00% vs. 51,63%) e accidentes mortais (60,00% vs. 100%) son menores nas traballadoras de 55 e máis anos que nas máis novas na categoría *Asalariados do sector privado*. Tamén e menor a súa porcentaxe no total dos accidentes, o 54,14% nas primeiras e o 78,85% nas segundas.
- As traballadoras *Asalariados do sector público* de 55 anos e maiores teñen unha porcentaxe maior de accidentes graves, o 32,00%, cas traballadoras máis novas, o 26,83%, pero a porcentaxe de accidentes totais e máis do dobre (34,38% vs. 16,92%).
- Na situación profesional *Autónomas con asalariados* a porcentaxe de accidentes graves nas traballadoras de 55 anos e máis e menor que nas máis novas (1,14% vs. 1,63%) pero a porcentaxe de accidentes totais e maior (0,63% vs. 0,52%).
- As traballadoras autónomas sen persoal contratado teñen unha porcentaxe de accidentes graves maior (38,86% vs. 19,92%) e de accidentes mortais tamén maior cas máis novas (20,00% vs. 0,00%), pero a porcentaxe de accidentes totais é máis do dobre (10,85% vs. 3,72%). [Táb. 90.](#) [Táb. 91.](#)

Na análise polo CNAE (da empresa) a tres díxitos móstranse os datos de máis entidade para traballadores e traballadoras.

Nos traballadores:

- Códigos nos que as porcentaxes de accidentados **augmentan** en relación coa táboa dos menores de 55 anos: 412-*Construción de edificios* (9,26% vs. 6,42%), 841-*Administración Pública e da política económica e social* (6,80% vs. 3,61%), 301-*Construción naval* (5,57% vs. 2,66%), 494-*Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza* (4,73% vs. 3,82%), 452-*Mantemento e reparación de vehículos de motor* (3,54% vs. 2,31%), 14-*Producción gandeira* (2,38% vs. 1,16%).
- Códigos nos que as porcentaxes de accidentados **diminúen** en relación coa táboa dos menores de 55 anos: 031-*Pesca* (3,81% vs. 5,41%), 432-*Instalacións eléctricas, de fontanería e outras instalacións en obras de construción* (3,60% vs. 5,12%), 439-*Outras actividades de construción especializada* (2,68% vs. 2,94%), 251-*Fabricación de elementos metálicos para a construción* (2,53% vs. 3,25%). [Táb. 94.](#) Táb. 95.

Nas traballadoras:

- Códigos nos que as porcentaxes de accidentadas **augmentan** en relación coa táboa dos menores de 55 anos: 841-*Administración Pública e da política económica e social* (8,68% vs. 4,65%), 861-*Actividades hospitalarias* (7,34% vs. 2,30%), 412-*Construción de edificios* (5,73% vs. 4,68%), 812-*Actividades de limpeza* (4,41% vs. 2,29%), 301-*Construción naval* (3,49% vs. 1,95%), 102-*Procesado e conservación de peixes, crustáceos e moluscos* (3,00 vs. 2,53%), 494-*Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza* (2,96% vs. 2,84%), 14-*Producción gandeira* (2,83% vs. 1,20%), 15-*Producción agrícola combinada coa produción gandeira* (2,43% vs. 0,66%).
- Códigos nos que as porcentaxes de accidentadas **diminúen** en relación coa táboa dos menores de 55 anos: 102-*Procesado e conservación de peixes, crustáceos e moluscos* (5,94% vs. 6,05%), 471-*Comercio polo miúdo en establecementos non especializados* (3,42% vs. 11,27%), 881-*Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade* (2,45% vs. 3,23%). [Táb. 96.](#) [Táb. 97.](#)

Na análise polo CNAE (da empresa) por Seccións móstranse os datos de máis entidade para traballadores e traballadoras.

Nos traballadores:

- Seccións nas que as porcentaxes de accidentados **augmentan** en relación coa táboa dos menores de 55 anos: D-*Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado* (0,51% vs. 0,16%), E-*Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación* (2,17% vs. 1,78%), K-*Actividades financeiras e de seguros* (0,15% vs. 0,11%), O-*Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria* (7,91% vs. 4,31%), P-*Educación* (0,38% vs. 0,29%), Q-*Actividades sanitarias e de servizos sociais* (3,13% vs. 1,43%), T-*Actividades dos fogares coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio* (0,07% vs. 0,03%).
- Seccións nas que as porcentaxes de accidentados **diminúen** en relación coa táboa dos menores de 55 anos: I-*Hostalería* (1,30% vs. 3,36%), J-*Información e comunicacións* (0,30% vs. 0,37%), M-*Actividades profesionais, científicas e técnicas* (0,66% vs. 1,13%), N-*Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,88% vs. 5,72%), R-*Actividades artísticas, recreativas e de entretemento* (0,57% vs. 1,09%). [Táb.100.](#) [Táb.101.](#)

Nas traballadoras:

- Seccións nas que as porcentaxes de accidentadas **augmentan** en relación coa táboa das menores de 55 anos: A-*Agricultura, gandería, silvicultura e pesca* (10,99% vs. 4,45%), O-*Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria* (13,11% vs. 7,91%), P-*Educación* (2,59% vs. 2,08%), Q-*Actividades sanitarias e de servizos sociais* (29,26% vs. 19,14%), T-*Actividades dos fogares*

coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio (2,48% vs. 1,04%).

- Seccións nas que as porcentaxes de accidentadas **diminúen** en relación coa táboa das menores de 55 anos: *C-Industria manufacturera* (11,23% vs. 14,96%), *E-Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación* (0,37% vs. 0,60%), *F-Construción* (0,25% vs. 0,40%), *G-Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas* (7,36% vs. 19,24%), *H-Transporte e almacenamento* (2,19% vs. 3,11%), *I-Hostalería* (5,85% vs. 11,54%), *J-Información e comunicacións* (0,15% vs. 0,37%), *M-Actividades profesionais, científicas e técnicas* (0,51% vs. 1,37%), *R-Actividades artísticas, recreativas e de entretemento* (0,43% vs. 1,00%), *S-Outros servizos* (1,31% vs. 1,94%). [Táb.102](#). [Táb.103](#).

En todos os grupos de idade (nos traballadores e nas traballadoras):

- **Para os traballadores**, as seccións que poden ser destacadas desde o punto de vista de indicar unha maior sinistralidade dos traballadores maiores e ao mesmo tempo ser seccións cunha porcentaxe importante de accidentes son: *A-Agricultura, gandería, silvicultura e pesca* (10,98% dos accidentes cun 29,61% dos traballadores de 45 a 54 anos), *D-Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado* (0,20% dos accidentes pero cun 29,44% dos accidentados entre os 55 e 64 anos), *H-Transporte e almacenamento* (8,67% dos accidentes cun 28,46% dos traballadores de 45 a 54 anos), *O-Administración Pública e defensa* (4,73% dos accidentes cun 19,44% dos traballadores de 55 a 64 anos) e *Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais* (1,63% dos accidentes cun 22,42% dos accidentados de 55 a 64 anos).
- **Para as traballadoras**, as seccións que poden ser destacadas desde o punto de vista de indicar unha maior sinistralidade dos traballadores maiores e ao mesmo tempo ser seccións cunha porcentaxe importante de accidentes son: *A-Agricultura, gandería, silvicultura e pesca* (5,62% das accidentadas cun 34,28% das traballadoras entre os 55 a 64 anos), *N-Actividades administrativas e servizos auxiliares* (10,58% das accidentadas cun 18,84% entre os 55 a 64 anos), *O-Administración Pública e defensa* (8,85% das accidentadas cun 25,87% das traballadoras entre os 55 e 64 anos), *Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais* (20,95% das accidentadas cun 24,73% entre os 55 e 64 anos) e *T-Actividades dos fogares coma empregadores e como produtores de bens e servizos de uso propio* (1,30% das accidentadas cun 32,77% entre os 55 e 64 anos).

Análise dos accidentes de tráfico

Segundo **gravidade e lugar do accidente** dos accidentes de tráfico:

- Os homes de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe de accidentes graves *en xornada laboral* que os traballadores máis novos (58,33% vs. 53,16%) e polo tanto menor nos accidentes *in itinere* (41,67% vs. 46,84%). Nos accidentes mortais e ao revés, os homes de 55 anos e maiores teñen unha menor porcentaxe *en xornada laboral* (57,14% vs. 68,75%) e maior nos *in itinere* (42,86% vs. 31,25%). As porcentaxes de accidentes nos dous grupos de idade son moi semellantes: 44,48% nos accidentes *en xornada laboral* e 55,52% *in itinere* nos traballadores de 55 anos e maiores, e 43,12% *en xornada laboral* e 56,88% *in itinere* nos traballadores de menos de 55 anos.
- As mulleres de 55 anos e maiores teñen unha porcentaxe de accidentes graves *en xornada laboral* menos da metade que as traballadoras máis novas (6,90% vs. 17,05%) e polo tanto maior nos accidentes *in itinere* (93,10% vs. 82,95%). Nos accidentes mortais e ao revés, as mulleres de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe *en xornada laboral* (50,00% vs. 9,09%) e menor nos *in itinere* (50,00% vs. 90,91%). As porcentaxes de accidentes nos dous grupos de idade

están próximas: 17,25% nos accidentes *en xornada laboral* e 82,75% *in itinere* nas traballadoras de 55 anos e maiores, e 14,42% en xornada laboral e 85,58% *in itinere* nos traballadores de menos de 55 anos. [Táb.108.](#) [Táb.109.](#)

Segundo **lugar do accidente e gravidade** dos accidentes de tráfico:

Comparando as porcentaxes de accidentes graves e mortais, tanto nos accidentes *en xornada* como *in itinere*, o persoal traballador de 55 anos e maiores ten maiores porcentaxes destes accidentes, destacando os accidentes graves *en xornada laboral* nos homes e os accidentes graves *in itinere* nas mulleres.

- Os homes de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe de accidentes en xornada laboral tanto graves coma mortais: (7,66% vs. 3,81%) nos graves e (1,46% vs. 1,00%) nos mortais. Tamén nos accidentes de tráfico *in itinere*: (4,39% vs. 2,55%) nos graves e (0,88% vs. 0,34%) nos mortais.
- As mulleres de 55 anos e maiores teñen unha maior porcentaxe de accidentes en xornada laboral tanto graves coma mortais: (2,13% vs. 1,65%) nos graves e (1,06% vs. 0,11%) nos mortais. Tamén nos accidentes de tráfico *in itinere*: (5,99% vs. 1,36%) nos graves e (0,22% vs. 0,19%) nos mortais. [Táb.110.](#) [Táb.111.](#)

Evolución dos accidentes de tráfico:

Nas táboas e gráficos da evolución de todos os accidentes laborais de tráfico (tanto *en xornada* como *in itinere*) móstrase, cos datos do persoal traballador de 55 anos e maiores, que **nas traballadoras** estes accidentes creceron nestes cinco anos, mentres que **nos traballadores** no ano 2016, volveuse a alcanzar o número do ano 2013 dende o descenso do ano 2014.

Os accidentes de tráfico nas traballadoras menores de 55 anos aumentaron no ano 2016 superando o número rexistrado no ano 2012. Entre o ano 2012 e o 2015 mantívose en valores próximos ata o xa citado aumento do último ano. Nos traballadores menores de 55 anos volveuse no ano 2016 ao nivel do ano 2012, aumentando os accidentes desde o nivel en que se mantiveron entre os anos 2013 e 2015. Pódese comprobar como os traballadores maiores teñen menos accidentes de tráfico que os traballadores máis novos (algo máis da metade que eles). [Táb.112.](#) [Gráf.32.](#) [Táb.113.](#) [Gráf.33.](#) [Gráf.34.](#)

Anexos

Código CNAE	Descrición
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA
1	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con estas
2	Silvicultura e explotación forestal
3	Pesca e acuicultura
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS
5	Extracción de antracita, hulla e lignito
6	Extracción de cru de petróleo e gas natural
7	Extracción de minerais metálicos
8	Outras industrias extractivas
9	Actividades de apoio ás industrias extractivas
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA
10	Industria da alimentación
11	Fabricación de bebidas
12	Industria do tabaco
13	Industria téxtil
14	Confección de pezas de vestir
15	Industria do coiro e do calzado
16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería
17	Industria do papel
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
19	Coquerías e refino de petróleo
20	Industria química
21	Fabricación de produtos farmacéuticos
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos
27	Fabricación de material e equipo eléctrico
28	Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques
30	Fabricación doutro material de transporte
31	Fabricación de mobles
32	Outras industrias manufactureiras
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo
D	FORNEZO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO
35	Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN
36	Captación, depuración e distribución de auga
37	Recollida e tratamento de augas residuais
38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos

F	CONSTRUCCIÓN
41	Construcción de edificios
42	Enxeñaría civil
43	Actividades de construción especializada
G	COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas
46	Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO
49	Transporte terrestre e por canalización
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores
51	Transporte aéreo
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
53	Actividades postais e de correos
I	HOSTALARÍA
55	Servizos de aloxamento
56	Servizos de comidas e bebidas
J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS
58	Edición
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de televisión, gravación de son e edición musical
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
61	Telecomunicacións
62	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática
63	Servizos de información
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS
64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións
65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros
L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS
68	Actividades inmobiliarias
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS
69	Actividades xurídicas e de contabilidade
70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas
72	Investigación e desenvolvemento
73	Publicidade e estudos de mercado
74	Otras actividades profesionais, científicas e técnicas
75	Actividades veterinarias
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES
77	Actividades de aluguer
78	Actividades relacionadas co emprego
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e outros relacionados
80	Actividades de seguridade e investigación
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas

O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA
84	Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
P	EDUCACIÓN
85	Educación
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS
86	Actividades sanitarias
87	Asistencia en establecementos residenciais
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
92	Actividades de xogos de azar e apostas
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
S	OUTROS SERVIZOS
94	Actividades asociativas
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
96	Outros servizos persoais
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
U	ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

[CNAE-2009](#) (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) da páxina web do [INE](#).

**SINISTRALIDADE LABORAL EN
TRABALLADORES DE 55 E MÁIS ANOS
2012-2016**



issga.xunta.gal